

XUNTA DE GOBERNO  
Sesión do día 4 de marzo de 2022  
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas e dez minutos do día catro de marzo do ano dous mil vinte e dous, baixo a Presidencia da Ilma. Sra. Dna. M<sup>a</sup> del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, D. Carlos López Font, D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, D. Gorka Gómez Díaz, Dna. Noemí Outeda Prol, Dna. Ana Laura Iglesias González, Dna. Iria Lamas Salgueiro, D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, Dna. María Ortega Iñarrea e Dna. Ana María Mejías Sacaluga co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente Dna. Susana Escaloni Varela, Interventora (p.s.).

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.31378.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 25 de febreiro 2022.

2.31379.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS PARA A ORGANIZACIÓN DE CAMPIONATOS, EVENTOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2022 (Expte.2022004164)

A Deputación de Pontevedra, a proposta do servizo de Deportes establece as bases reguladoras para a concesión de subvencións a entidades deportivas para a organización de campionatos, eventos e actividades deportivas na provincia de Pontevedra para o ano 2022 na que se convoca o programa DE\_E/22 “actividades deportivas” e unha vez fiscalizadas favorablemente ditas bases pola Intervención con data 28 de febreiro de 2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar as bases reguladoras para a concesión de subvencións a entidades deportivas para a organización de campionatos, eventos e actividades deportivas na provincia de Pontevedra para o ano 2022, e que figuran co CSV: OCDYUR8SE12BX71J.



3.31380.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE “SUBVENCÍONS DIRIXIDAS AOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA DE MENOS DE 20.000 HABITANTES PARA O FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO. ANO 2022”.  
(Expte.2022003022)

A Deputación de Pontevedra, no marco das súas competencias, quere impulsar en colaboración cos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia, proxectos, programas e actividades para a consecución da igualdade entre mulleres e homes e a prevención da violencia de xénero na provincia. Para levar a cabo esta liña de subvencións, o Servizo de Igualdade elaborou unhas bases que regulan a concesión das axudas que van dirixidas a estes concellos que deberán cumprir os requisitos e condicións establecidos nestas bases e na normativa xeral de subvencións.

Resultando que con data do 4 de febreiro de 2022 o Secretario emite informe segundo consta no expediente, sobre as bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero para o ano 2022.

Resultando que con data do 10 de febreiro, Intervención emite informe favorable sobre a tramitación do expediente para a aprobación de ditas bases, deixando constancia de que a aplicación orzamentaria proposta 22/250.2315.462.01, considerase correcta, e conta con crédito retido para este fin, mediante documento RC nº 202200021657, por importe de 230.000,00 €.

Considerando que o órgano competente para a aprobación destas bases, é a Xunta de Goberno, de conformidade co estipulado nas bases de execución do orzamento provincial.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar as bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero para o ano 2022.

Estas bases figuran co CSV:5ZCH7GJ40RQWLQGD.



4.31381.- APROBACIÓN DA I ADDENDA AOS CONVENIOS DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E OS CONCELLOS DE: CANGAS, AS NEVES, FORNELOS DE MONTES, SOUTOMAIOR, A ILLA DE AROUSA, MOS, PONTEAREAS, POIO, AS ENTIDADES LOCAIS MENORES DE VILASOBROSO, CAMPOSANCOS, CHENLO, MORGADANS, A MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO MORRAZO E A MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO VAL MIÑOR, PARA A IMPLANTACIÓN, FORMACIÓN, SOPORTE E MANTEMENTO DUNHA SOLUCIÓN DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA. (Expte. 2022006690)

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación en sesión ordinaria do 16 de outubro de 2020, aprobou o “*Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as Entidades Locais da Provincia de Pontevedra para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica.*” (Expte. 2020036145), cuxa vixencia se estende ata o 1 de abril de 2022.

Segundo.- Mediante acordo da Xunta de Goberno en data 23 de decembro de 2021 prorrogouse o contrato que rexe a presentación do servizo para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para Entidades Locais da Provincia de Pontevedra (Expte. 2020029219) cuxa duración se estende ata o 10 de marzo de 2023, ao concorrer razóns de interese público que esixen a súa continuidade.

Terceiro.- Mediante acordo da Xunta de Goberno, en sesión ordinaria de data 28 de xaneiro de 2022, foi aprobada I Addenda ao convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as Entidades Locais da Provincia de Pontevedra para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica, co fin é ampliar a vixencia do convenio ata o 10 de marzo de 2023, data de finalización da primeira prórroga do contrato que rexe a prestación do “servizo para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para Entidades Locais da Provincia de Pontevedra (Exp. 2020029219).

Cuarto.- Para a formalización da devandita I addenda ao convenio de colaboración as Entidades Locais interesadas deben proceder a súa aprobación.

Quinto.- Recibíronse ata o de agora as aprobacións da I addenda ao convenio, das seguintes Entidades Locais: *Concello de Cangas, Concello de As Neves, Concello de Fornelos de Montes, Concello de Soutomaior, Concello de A Illa de Arousa, Concello de Mos, Concello de Ponteareas, Concello de Poio, a Entidade Local Menor de Vilasobroso, a Entidade Local Menor de Camposancos, a Entidade Local Menor de Chenlo, a Entidade Local Menor de Morgadans, a Mancomunidade de Concellos do Morrazo e a Mancomunidade de Concellos do Val Miñor.*

Cuarto.- A aprobación das I addendas ao convenio xa conta co financiamento máximo que se considera necesario, segundo consta no expediente de contratación número 2020029219.



Vistas as dilixencias de conformidade da Intervención Xeral de data 28 de febreiro de 2022.

Por todo o exposto, e sendo a Xunta de Goberno o órgano competente para aprobar as presentes I addendas, en aplicación das bases aprobadas para a execución do orzamento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a I addenda aos convenios de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as seguintes Entidades Locais: *Concello de Cangas, Concello de As Neves, Concello de Fornelos de Montes, Concello de Soutomaior, Concello de A Illa de Arousa, Concello de Mos, Concello de Pontearreas, Concello de Poio, a Entidade Local Menor de Vilasobroso, a Entidade Local Menor de Camposancos, a Entidade Local Menor de Chenlo, a Entidade Local Menor de Morgadáns, a Mancomunidade de Concellos do Morrazo e a Mancomunidade de Concellos do Val Miñor*, para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica.

Segundo.- Aprobar as liquidacións, segundo o previsto no modelo de contraprestación económica, Anexo I do convenio de colaboración, rateadas desde o 1 de abril de 2022 ata o 10 de marzo de 2023, tomando como referencia o número de habitantes de cada concello na última actualización de poboación do Instituto Nacional de Estatística (INE).

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Novas Tecnoloxías, para que no prazo previsto na cláusula sexta do convenio, notifique as correspondentes cartas de pagamento de acordo co seguinte detalle:

	Entidade local	Poboación	Pagamento por entidade
24	CONCELLO DE CANGAS	26.708	5.183,56 €
25	CONCELLO DE AS NEVES	3.770	1.413,70 €
26	CONCELLO DE FORNELOS DE MONTES	1.594	942,47 €
27	CONCELLO DE SOUTOMAIOR	7.482	2.356,16 €
28	CONCELLO DE A ILLA DE AROUSA	4.951	1.413,70 €
29	CONCELLO DE MOS	15.190	4.241,10 €
30	CONCELLO DE PONTEAREAS	22.942	5.183,56 €
31	ENTIDADE LOCAL MENOR DE VILASOBROSO	-	-
32	ENTIDADE LOCAL MENOR DE CAMPOSANCOS	-	-
33	ENTIDADE LOCAL MENOR DE CHENLO	-	-
34	ENTIDADE LOCAL MENOR DE MORGADÁNS	-	-
35	MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO MORRAZO	-	-
36	MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO VAL MIÑOR	-	-
37	CONCELLO DE POIO	17.230	4.241,10 €

Cuarto.- Facultar á presidenta para a formalización das mencionadas I addendas ao convenio mediante a súa sinatura.



5.31382.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE ARBO NO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE ARBO DO INVESTIMENTO “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP 5202 DO PQ 1+100 AO 1+165 E NA EP 5203 DO PQ 1+150 AO 1+529”.-ANUALIDADE 2022- (Exppte. 2022004170)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótese de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 22-23).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local xacando no exercicio 2022, lle corresponde a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte a lexislación orzamentaria.



De acordo coa Base Reguladora 8ª do POS 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoebles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación á todos os plans.

En data 14/01/2021 asinouse o Convenio de Colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o *Concello de Arbo* (aprobado por acordo plenario do 05/11/2020) para levar a cabo a actuación “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP 5202 DO PQ 1+100 AO 1+165 E NA EP 5203 DO PQ 1+150 AO 1+529”, cun orzamento de 663.204,03 euros, aportando a Deputación de Pontevedra para a súa financiación unha subvención de 464.242,82 euros, sendo a aportación municipal de 198.961,21 euros, tal é como establece a seguinte táboa:

DIPUTACION DE PONTEVEDRA	464.242,82 €
CONCELLO DE ARBO	198.961,21 €
TOTAL	663.204,03 €

No convenio establécese que a aportación municipal de 198.961,21 euros distribúese en dúas anualidades correspondendo 99.480,61 euros á anualidade 2021 e 99.480,60 euros á anualidade 2022 e que para facer efectiva a achega municipal, o Concello poderá financiarse co medio de financiamento que considere máis axeitado de acordo á súa situación financeira.

En data 09/04/2021, mediante acordo de Xunta de Goberno núm. 17.30159, concedeuse ao *concello de Arbo*, con cargo ao Plan Concellos 2021, unha subvención de 99.480,61 euros con destino á financiación da achega municipal correspondente á anualidade 2021.

Neste contexto, en data 27/01/2022, o *Concello de Arbo*, acolléndose ao establecido nas bases 1ª e 8ª.1.5 das reguladoras do PLAN CONCELLOS 2022-2023, que permite ás entidades municipais destinar parte ou a totalidade da cantidade asignada na Liña 1 ao financiamento das achegas municipais para investimentos acollidos noutros plans, programas ou convenios da propia Deputación ou doutras administracións cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal, solicita formalmente e en prazo, unha axuda económica de 99.480,60 euros con destino ao financiamento da achega municipal (anualidade 2022) do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial e o Concello de Arbo para a execución do investimento “MELLORA DA



MOBILIDADE PEONIL NA EP 5202 DO PQ 1+100 AO 1+165 E NA EP 5203 DO PQ 1+150 AO 1+529”, sendo o orzamento de 663.204,03 €, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención a cargo do POS - €	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello- €
2022	663.204,03	99.480,60	563.723,43 (Deputación)	0,00

Consta no expediente informe do redactor do proxecto sobre a normativa sectorial, sendo precisa a autorización sectorial da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, de Estradas da Xunta de Galicia (AXI), da Confederación Hidrográfica Miño-Sil e de Adif.

Fundamentación xurídica:

1.- Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostíbeis polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, polo que se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril por el que se desenrola o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.



- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

## II.- Consideracións xurídicas:

### Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

### Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

### Resolución do expediente:

- Artigo 19 LXS que sinala que a normativa reguladora da subvención poderá exixir un importe de financiación propia para cubrir a actividade subvencionada.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.





- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 40 do TRLRFL no que se establece que as subvencións de toda índole que obteñan as Entidades Locais con destino as súas obras e servizos non poderán ser aplicadas a atencións distintos de aquelas para as que foron outorgadas, salvo que, no seu caso, os sobrantes non reintegrables cuxa utilización non estivese prevista na concesión.
- Artigo 181 do TRLRFL que sinala que poderán xerar crédito nos estados de gastos dos orzamentos, na forma que regulamentariamente se estableza, os ingresos de natureza non tributaria derivados das seguintes operacións; a) aportacións ou compromisos firmes de aportación de persoas físicas ou xurídicas para financiar, xuntamente coa entidade local ou con algún dos seus organismos autónomos, gastos que pola súa natureza están comprendidos nos seus fins ou obxectivos.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Artigo 30 do RD 500/1990, en atención ao cal os créditos consignados no Orzamento de gastos, así como os procedentes das modificacións orzamentarias, con carácter xeral, en calquera das tres situacións seguintes: a) créditos dispoñibles; b) créditos retidos pendentes de utilización; c) créditos non dispoñibles.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

Da xestión en cernes do ciclo da auga:

- Tanto no momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 como no de concesión individual de cadansúa das peticións de subvención ao abeiro do mesmo, continúa pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Unha vez que este texto legal se converta en dereito positivo, sucederá que lle sobrevirán distintos convenios ou instrumentos de colaboración, que distribuirán as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se interesen polo seu asinamento, amais da propia Deputación Provincial.



- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

Parte dispositiva:

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 23/02/2022, e da xefa do servizo de Cooperación de data 23/02/2022 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da intervención provincial, de data 24/02/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Conceder ao *Concello de Arbo*, CIF P3600100F a cantidade de 99.480,60 € con destino ao financiamento da achega municipal do convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Arbo do investimento “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP 5202 DO PQ 1+100 AO 1+165 E NA EP 5203 DO PQ 1+150 AO 1+529” (Expte. 2022004170) cun orzamento que ascende a 663.204,03 €, quedando configurada a súa petición segundo indica a seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención a cargo do POS - €	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello- €
2022	663.204,03	99.480,60	563.723,43 (Deputación)	0,00

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 22/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto. Unha vez concedida a subvención, xerarase crédito na aplicación orzamentaria correspondente e realizaranse as oportunas operacións de formalización.



- Convén lembrar que o concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto no Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial e o Concello de Arbo asinado en data 14/01/2021 e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, de acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-23 o Concello deberá de comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde da súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar así a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Arbo*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación, Servizo de Infraestruturas e ao Gabinete da Presidencia.

6.31383.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CAMBADOS NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 2 (ANUALIDADE 2022) UNHA SUBVENCIÓN PARA O FINANCIAMENTO DA ACTUACIÓN “AMORTIZACIÓN DO ENDEBEDAMENTO CON ENTIDADES FINANCIERAS” (Expte.2022009161)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña as aplicacións 22/942.9425.762.46 e 22/942.9425.462.45 (Plan Concellos 2022-23, Liña 2\_Amortización, pagamento de débedas e gastos correntes) dotada con 1.500.000,00 euros, e 22/942.9425.462.00 (Plan Concellos 2022-23, Liña 2. Gastos derivados da realización de actos culturais deportivos, sociais, educativos, etc) tamén con 1.500.000,00 euros, do vixente Orzamento Provincial existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.



Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local xacando no exercicio 2022, lle corresponde a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte a lexislación orzamentaria.

De acordo coa Base Reguladora 8ª do POS 2022-23, a Liña 2 é de amortización de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas con acredores de gasto corrente e investimentos, gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais, incluídos os contratos para a realización de proxectos técnicos, así como os contratos de consultoría e asistencia técnica, ou gastos correntes derivados da realización de actos culturais, deportivos, sociais, educativos ou turísticos.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación á todos os plans.

En data 22/02/22 por rexistros web2022008087 e web2022008108, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do concello de Cambados na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 66.963,03 euros, con destino ao financiamento “Amortización do endebedamento con entidades financeiras”, cun orzamento polo mesmo importe, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2022	66.963,03€	66.963,03€	0,00€



Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida.

Fundamentación xurídica:

I.- Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- Consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16<sup>a</sup> do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudio de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.



#### Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

#### Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.



- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.

#### Conclusiones:

A solicitude do *Concello de Cambados* relativa ao financiamento do investimento “*Amortización do endebedamento con entidades financeiras*” foi presentada dentro do prazo recollido na convocatoria do Plan Concellos 2022-2023, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 66.963,03 €, cun orzamento polo mesmo importe.

Visto que o obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na Base 8ª da LIÑA 2 – amortización de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas con acredores de gasto corrente e investimentos, gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais, incluídos os contratos para a realización de proxectos técnicos, así como os contratos de consultoría e asistencia técnica, ou gastos correntes derivados da realización de actos culturais, deportivos, sociais, educativos ou turísticos.

Por todo o exposto e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito aplicables, informo favorablemente o expediente do *concello de Cambados* e propono que lle sexa concedida unha subvención por importe de 66.963,03 € con destino ao financiamento do investimento “*Amortización do endebedamento con entidades financeiras*” (Expte.2022009161) cun orzamento polo mesmo importe.

A concesión da subvención realizarase contra a aplicación 22/942.9425.762.46 do orzamento provincial para o vixente exercicio.

#### Réxime competencial:

En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no artigo 63 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, correspóndelle á Xunta de Goberno.

*Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.*

Vistos os informes da xefa do servizo de Cooperación de data 23/02/2022 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da intervención provincial de data 23/02/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Cambados*, CIF.:P3600600E, a cantidade de 66.963,03 €, con destino ao financiamento da actuación “*Amortización do endebedamento con entidades financeiras*”, cun orzamento polo mesmo importe, no marco do Plan Concellos 2022\_Liña 2.



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 22/942.9425.762.46 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- Asemade, ao abeiro da base vixésimo primeira do Plan Concellos 2022, a Deputación transferiralle ao Concello a cantidade solicitada para esta finalidade unha vez aprobada a concesión da subvención, sendo o prazo para efectuar o pagamento dun mes desde o cobramento da subvención. No caso de que o Concello non xustifique a amortización da débeda coa entidade financeira, xustifique un importe inferior á cantidade transferida polo Deputación ou non presente a documentación xustificativa antes do 30 de novembro de 2022, iniciárase o procedemento de reintegro da cantidade que corresponda.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Cambados*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

7.31384.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CATOIRA NO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “PAVIMENTACIÓN CAMIÑOS EN CATOIRA”.(Expte.2022003634)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 22-23).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á





detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local xacando no exercicio 2022, lle corresponde a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte a lexislación orzamentaria.

De acordo coa Base Reguladora 8ª do POS 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoebles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación á todos os plans.

En data 24/01/22 por rexistro WEB2022002500, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do *Concello de Catoira* na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 156.517,13 €, con destino ao financiamento do investimento “*Pavimentación Camiños en Catoira*”, cun orzamento que importa 156.517,13 €, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención a cargo do POS - €	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2022	156.517,13	156.517,13	0,00	0,00
2023	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	156.517,13	156.517,13	0,00	0,00



Consta no expediente certificado relativo á titularidade dos camiños sobre os que se pretende actuar, así coma o informe do redactor do proxecto sobre a normativa sectorial, indicando que non son precisas autorizacións para executar o investimento.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida.

Fundamentación xurídica:

1.- Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- Consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.



#### Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

#### Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.0425.762.45 (Plan Concellos 2022-2023).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detración por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detración de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local xacando no exercicio 2022, lle corresponde a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte a lexislación orzamentaria.

De acordo coa Base Reguladora 8ª do POS 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoables e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación á todos os plans.



En data 16/12/2021, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do *Concello de Vilagarcía de Arousa* na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 78.755,18 euros, con destino ao financiamento “Humanización rúa Aquilino Iglesia Alvariño”, cun orzamento por importe de 178.755,18 €, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento €	Subvención €	Achegas doutras administracións €	Fondos propios €
2022	178.755,18	78.755,18	0,00	100.000,00
2023	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	178.755,18	78.755,18	0,00	100.000,00

Consta no expediente documento relativo a titularidade dos bens sobre os que se vai actuar; o concello achega informe do técnico municipal sobre a normativa sectorial, indicando que non é preciso contar con ningunha autorización sectorial.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, contando co informe de supervisión favorable do Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación de data 21/02/2022.

Fundamentación xurídica:

Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.



- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

#### Consideracións xurídicas:

#### Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

#### Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.



Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

Da xestión en cernes do ciclo da auga:

- Tanto no momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 como no de concesión individual de cadansúa das peticións de subvención ao abeiro do mesmo, continúa pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Unha vez que este texto legal se converta en dereito positivo, sucederá que lle sobrevirán distintos convenios ou instrumentos de colaboración, que distribuirán as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se interesen polo seu asinamento, amais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.



De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 21/02/2022, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 21/02/2022, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 23/02/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Vilagarcía de Arousa* CIF P3606000B a cantidade de 78.755,18 €, con destino ao financiamento do investimento “*Humanización rúa Aquilino Iglesia Alvariño*” (Expte.2021065859) cun orzamento polo importe de 178.755,18 €, distribuída segundo a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento €	Subvención €	Achegas doutras administracións €	Fondos propios €
2022	178.755,18	78.755,18	0,00	100.000,00
2023	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	178.755,18	78.755,18	0,00	100.000,00

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2022/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- Convén lembrar que o concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución das obras ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023, e de ser o caso, o Concello de Vilagarcía de Arousa deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.



- Asemade, ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024, e o incluído na anualidade 2023, executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Vilagarcía de Arousa*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

18.31395.- SOLICITUDE Á DIRECCIÓN XERAL DO CATASTRO, PARA APOIO Á REALIZACIÓN DOS “TRABALLOS DE XESTIÓN CATASTRAL DEFINIDOS NO CONVENIO ENTRE A SECRETARÍA DE ESTADO DE FACENDA (DIRECCIÓN XERAL DO CATASTRO) E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE XESTIÓN CATASTRAL”. (Expte.2022004295)

A Deputación Provincial de Pontevedra subscribiu coa Dirección Xeral do Catastro, o 14 de decembro de 2021, publicado no BOE nº 311 con data 28/12/2021, un convenio de colaboración en materia de xestión catastral en substitución do xa existente que databa do 13/06/2001, no que se modifican e amplían as materias obxecto de colaboración que son, entre outras, as seguintes:

- As funcións de tramitación dos expedientes de alteracións de orde xurídica, relativos a bens inmobles urbanos e rústicos, en réxime de encomenda de xestión.
- As funcións de tramitación dos expedientes de alteracións de orde física e económica, relativos a bens inmobles urbanos e rústicos, en réxime de encomenda de xestión.
- Actuacións de colaboración, igualmente en réxime de encomenda de xestión, na actualización das descricións catastrais dos inmobles orixinadas polos feitos, actos, negocios e demais circunstancias susceptibles de orixinar unha incorporación ou modificación no Catastro Inmobiliario, sempre que ditos inmobles estean integramente situados nos municipios incluídos no ámbito territorial do Convenio.

Este novo marco de colaboración en materia de xestión catastral, que se estende a inmobles rústicos e urbanos e aposta por un mantemento integral que permite ter o Catastro permanentemente actualizado sobre a base dunha xestión desenvolvida sobre un mapa parcelario de incidencias ou discrepancias pendentes entre a información catastral e a realidade inmobiliaria, suporá acometer novos traballos catastrais.

Desta forma, en cumprimento dos compromisos adquiridos cos concellos, esta Deputación incrementa de forma considerable a colaboración en materia de xestión catastral.



Para a tramitación dos expedientes de alteracións de orde xurídica e físico-económica (de bens rústicos e urbanos), así como a colaboración en actuacións de investigación xurídica e física dos mesmos bens, os medios e recursos humanos propios de que dispón esta Administración para os efectos considéranse insuficientes, sen que dita insuficiencia xustifique a ampliación inmediata dos mesmos.

Ante a imposibilidade actual de levar a cabo a íntegra realización dos traballos catastrais obxecto do convenio coa Dirección Xeral do Catastro con medios e recursos humanos propios preséntanse outras dúas opcións. Acudir a procedementos de contratación con empresas privadas especializadas ou solicitarlle á Dirección Xeral do Catastro que encomende a SEGIPSA os traballos, nos termos da Orde EHA/1616/2010, de 10 de xuño, pola que se regulan as condicións da encomenda á Sociedade Estatal de Xestión Inmobiliaria de Patrimonio, Sociedade Anónima de traballos catastrais obxecto de convenio por entidades colaboradoras, así como os termos, prazos e condicións de aboamento de gastos (<https://www.boe.es/boe/dias/2010/06/18/pdfs/BOE-A-2010-9686.pdf>).

O obxecto desta Orde é a regulación dos requisitos e condicións para concretar, de acordo coa disposición adicional 5ª do Real Decreto 417/2006, de 7 de abril, os medios para a execución dos traballos de obtención de información para a formación e mantemento do Catastro no marco dos convenios de colaboración que prevegan a posibilidade de financiar os ditos traballos, así como os termos, prazos e condicións para o pago a SEGIPSA dos gastos que deben asumir as entidades colaboradoras con motivo da execución dos traballos, e aplicase ás entidades que subscribiran convenios de colaboración con arranxo ao artigo 62 do Real decreto 417/2006, de 7 de abril, polo que se desenvolve o texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, aprobado por Real decreto lexislativo 1/2004 de 5 de marzo, nos que se prevega a posibilidade de financiar os traballos de obtención de información para a formación e mantemento do catastro que poidan ser obxecto de encargo a SEGIPSA.

O Convenio de colaboración suscrito pola Deputación de Pontevedra coa Dirección Xeral do Catastro, o 14 de decembro de 2021, dispón na súa cláusula sétima que *“para el desarrollo de todos o alguno de los trabajos previstos en las cláusulas segunda, tercera, cuarta y quinta del presente Convenio, la Diputación podrá optar, alternativamente, por recabar el apoyo de la Dirección General del Catastro, asumiendo la Diputación su financiación directamente, o bien realizarlos por sus propios medios”*

SEGIPSA ten o carácter de medio propio instrumental e de servizo técnico da Dirección Xeral do Catastro para a realización dos traballos de formación e mantemento do Catastro Inmobiliario.

É a Dirección Xeral do Catastro quen encomenda a SEGIPSA os traballos catastrais derivados dos convenios. En consecuencia, é ela quen fixa os procedementos, especificacións e criterios técnicos precisos para garantir a calidade e homoxeneidade dos traballos, elaborando para iso os correspondentes manuais operativos (artigo 3 da Orde EHA 1616/2010), e é ela quen recibe os traballos obxecto de encomenda.



SEGIPSA ten subscritos acordos marco coas mellores empresas do sector, acordos que lle permiten asignarlles traballos de maneira áxil e eficaz, reservándose sempre tarefas de dirección técnica, coordinación e control de calidade. Minimízanse así os riscos de incumprimento: se por calquera motivo unha das empresas fallase na execución, poderían reasignar os traballos de modo case automático, ou ben executalos cos seus propios medios.

Así, para o exercicio das funcións atribuídas no convenio, a Deputación pode solicitarlle á Dirección Xeral do Catastro que formule encargo á Sociedade Estatal de Xestión Inmobiliaria de Patrimonio, S.A (SEGIPSA).

Nestes casos os gastos que se orixinen serán sufragados pola Deputación nos termos, prazos e condicións que se establecen na Orde EHA/1616/2010, do 10 de xuño, pola que se regulan as condicións da encomenda á Sociedade Estatal de Xestión Inmobiliaria de Patrimonio, Sociedade Anónima de traballos catastrais obxecto de convenio con entidades colaboradoras, así como os termos, prazos e condicións do aboamento de gastos.

As tarifas de SEGIPSA para a realización de traballos en materia de xestión catastral fixéronse por Resolución da Subsecretaría de Facenda do 3 de setembro de 2020, que se achega.

Tendo en conta estas circunstancias e o feito de que as tarifas de SEGIPSA son moi competitivas, globalmente inferiores ás da nosa última contratación, entendendo que suporán unha redución de custos, a xefatura do Servizo de Xestión Catastral e Tributaria do IBI emitiu informe no que propón, que se realicen por SEGIPSA os traballos de obtención de información para a formación e mantemento do Catastro Inmobiliario para a tramitación dos expedientes de alteracións de orde xurídica e físico-económica (de bens rústicos e urbanos), así como a colaboración en actuacións de investigación xurídica e física dos mesmos bens.

O custo global máximo estimado que correspondera soportar a esta Deputación –ORAL no actual exercicio, calculado sobre a base das tarifas aprobadas por resolución da Subsecretaría de Facenda de data 03/09/2020 e non suxeitas a IVE, ascende a un total de 179.776,25 €, segundo o seguinte desglose:

Expedientes xurídicos	Tarifa	Prezo	Inmobles estimados	Prezo total
Inmuble alterado	A1	8,50 €	350	2.975,00 €
Sen alteración	A2	4,00 €	300	1.200,00 €
Enmendas - expedientes	A3	12,75 €	200	2.550,00 €
Enmendas - Inmobles	A3	8,50 €	100	850,00 €
Recursos - expedientes	A4	17,00 €	100	1.700,00 €
Recursos - inmobles	A4	8,50 €	30	255,00 €





EXPEDIENTES FÍSICOS (SEN DESPRAZAMENTO)				
Cambios de uso	B1	8,50 €	100	850,00 €
Alteracións físicas - expediente	B2	38,39 €	1300	49.907,00 €
1-2 inmobles	B2	16,00 €	1200	19.200,00 €
3-10 inmobles	B2	14,77 €	150	2.215,50 €
11-25 inmobles	B2	13,67 €	25	341,75 €
26-50 inmobles	B2	12,16 €	25	304,00 €
Máis de 50 inmobles	B2	4,63 €	10	46,30 €
Recursos de reposición	B3	32,00 €	50	1.600,00 €
EXPEDIENTES FÍSICOS (CON DESPRAZAMENTO)				
Alteracións físicas - expediente	C1	60,00 €	1000	60.000,00 €
2-3 inmobles	C1	20,32 €	750	15.240,00 €
4-10 inmobles	C1	19,18 €	50	959,00 €
11-25 inmobles	C1	17,86 €	30	535,80 €
26-50 inmobles	C1	17,24 €	15	258,60 €
Más de 50 inmobles	C1	4,63 €	10	46,30 €
Piscinas	C2	25,00 €	50	1.250,00 €
TRABAJOS ESPECÍFICOS				
Erros básicos de cruce/solapes	D1	5,00 €	50	250,00 €
Erros complexos de cruce/solapes	D2	12,00 €	50	600,00 €
Obtención de cartografía continua con alteración	D3.1	33,15 €	30	994,50 €
Obtención de cartografía continua sen alteración	D3.2	16,70 €	25	417,50 €
Comunicacións	D4	10,00 €	100	1.000,00 €
Depuración de rúeiros con relación de inmobles	D9.1	0,95 €	500	475,00 €
Depuración de rúeiros sen relación de inmobles	D9.2	1,70 €	150	255,00 €
Atención ao público	E1.1	27,00 €	500	13.500,00 €

O gasto que comportaría o pagamento destes traballos pódese realizar con cargo á aplicación 22/932.9320.22707 (traballos catastrais).

O prazo da realización dos traballos comprendería, estimando os tempos de tramitación do expediente, o período 01/04/2022 ata o 31/12/2022.



Para iso deberá realizarse unha solicitude á Dirección Xeral do Catastro para que encargue á Sociedade Mercantil Estatal de Xestión Inmobiliaria do Patrimonio, M.P.S.A. (SEGIPSA) a realización de traballos catastrais obxecto de convenio coa Deputación Provincial de Pontevedra.

Estes traballos afectarán a bens situados nos Concellos da provincia de Pontevedra que, tendo delegadas as súas facultades de xestión tributaria do imposto sobre bens inmobles a favor da Deputación Provincial, téñanse adherido igualmente o mencionado Convenio de colaboración de xestión catastral coa Dirección Xeral do Catastro. No anexo I do mesmo detállanse os municipios incluídos no ámbito do mesmo, que se actualizará segundo contempla a cláusula décimo quinta.

Visto informe favorable da Secretaría Xeral de data 15/02/2022.

Visto informe da Intervención, de data 21/02/2022, no que se fiscaliza o expediente favorablemente.

Corresponde á Xunta de Goberno a competencia para autorizar e comprometer gastos de carácter ordinario e os demais precisos para a contratación de obras, servizos, subministros, etc. cuxo valor estimado supere o importe de 200.000,00 euros nos contratos de obras, e 100.000,00 euros no resto de contratos segundo a base 16.2 das Bases de execución do orzamento da Deputación Provincial ano 2022.

A vista do exposto, a Directora de Servizos do Oral, de conformidade co establecido na base 7 bis das Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

**PRIMEIRO:** Solicitar á Dirección Xeral do Catastro que encargue á Sociedade Mercantil Estatal de Xestión Inmobiliaria do Patrimonio, M.P.S.A (SEGIPSA) a realización dos seguintes traballos catastrais obxecto do Convenio de colaboración en materia de xestión catastral entre a Deputación Provincial de Pontevedra e a Dirección Xeral do Catastro:

Expedientes xurídicos	Tarifa	Prezo	Inmobles estimados	Prezo total
Inmable alterado	A1	8,50 €	350	2.975,00 €
Sen alteración	A2	4,00 €	300	1.200,00 €
Enmendas - expedientes	A3	12,75 €	200	2.550,00 €
Enmendas - Inmobles	A3	8,50 €	100	850,00 €
Recursos - expedientes	A4	17,00 €	100	1.700,00 €
Recursos - inmobles	A4	8,50 €	30	255,00 €



EXPEDIENTES FÍSICOS (SEN DESPRAZAMENTO)				
Cambios de uso	B1	8,50 €	100	850,00 €
Alteracións físicas - expediente	B2	38,39 €	1300	49.907,00 €
1-2 inmobles	B2	16,00 €	1200	19.200,00 €
3-10 inmobles	B2	14,77 €	150	2.215,50 €
11-25 inmobles	B2	13,67 €	25	341,75 €
26-50 inmobles	B2	12,16 €	25	304,00 €
Máis de 50 inmobles	B2	4,63 €	10	46,30 €
Recursos de reposición	B3	32,00 €	50	1.600,00 €
EXPEDIENTES FÍSICOS (CON DESPRAZAMIENTO)				
Alteracións físicas - expediente	C1	60,00 €	1000	60.000,00 €
2-3 inmobles	C1	20,32 €	750	15.240,00 €
4-10 inmobles	C1	19,18 €	50	959,00 €
11-25 inmobles	C1	17,86 €	30	535,80 €
26-50 inmobles	C1	17,24 €	15	258,60 €
Más de 50 inmobles	C1	4,63 €	10	46,30 €
Piscinas	C2	25,00 €	50	1.250,00 €
TRABAJOS ESPECÍFICOS				
Erros básicos de cruce/solapes	D1	5,00 €	50	250,00 €
Erros complexos de cruce/solapes	D2	12,00 €	50	600,00 €
Obtención de cartografía continua con alteración	D3.1	33,15 €	30	994,50 €
Obtención de cartografía continua sen alteración	D3.2	16,70 €	25	417,50 €
Comunicacións	D4	10,00 €	100	1.000,00 €
Depuración de rucios con relación de inmobles	D9.1	0,95 €	500	475,00 €
Depuración de rucios sen relación de inmobles	D9.2	1,70 €	150	255,00 €
Atención ao público	E1.1	27,00 €	500	13.500,00 €

O custo global máximo estimado que correspondera soportar a esta Deputación –ORAL no actual exercicio, calculado sobre a base das tarifas aprobadas por resolución da Subsecretaría de Facenda de data 03/09/2020 e non suxeitas ao IVE, ascende a un total de 179.776,25 €, segundo o desglose sinalado.

Estes traballos afectarán a bens situados nos Concellos da provincia de Pontevedra que, tendo delegadas as súas facultades de xestión tributaria do imposto sobre bens inmobles a favor da Deputación Provincial, téñanse adherido igualmente ao mencionado Convenio de colaboración en materia de xestión catastral coa Dirección Xeral do Catastro. No anexo I do mesmo detállanse os municipios incluídos no ámbito do mesmo, que se actualizará segundo contempla a Cláusula décimo quinta.

SEGUNDO: O prazo da realización dos traballos comprenderá, estimando os tempos de tramitación do expediente, o período 01/04/2022 ata o 31/12/2022.



TERCEIRO: O gasto que comportaría o pagamento destes traballos (179.776,25 euros) pódese realizar con cargo á aplicación 22/932.9320.22707 (traballos catastrais).

CUARTO: Os gastos que se orixinen serán sufragados pola Deputación nos termos, prazos e condicións e coa aplicación das tarifas que se establecen na Orde EHA/2016/2010, do 10 de xuño, pola que se regulan as condicións da encomenda á Sociedade Estatal de Xestión Inmobiliaria de Patrimonio, Sociedade Anónima de traballos catastrais obxecto de convenio con entidades colaboradora.

19.31396.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DO CONTRATO DE OBRAS “MELLORA DA SEGURANZA VIARIA NA E.P. 2502 CERQUIDO-RIBADELOURO, DENDE O P.Q. 1+950 ATA O P.Q. 2+150 (CONCELLO DE TUI)”. (Expte.2021038292)

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da EP 2502 Cerquido – Ribadelouro, que transcorre polo Concello de Tui e que ten unha lonxitude de 2.700 metros.

Resultando.- Que na data 05/07/2021 a Deputación de Pontevedra e o Concello de Tui asinaron convenio de colaboración para a execución da obra “Mellora da seguranza viaria na E.P. 2502 Cerquido – Ribadelouro, dende o pq. 1+950 ata o pq. 2+150 (Concello de Tui)”.

Resultando.- Que de acordo co citado convenio correspóndelle a Deputación a redacción do proxecto técnico para a execución das obras e a licitación, dirección e recepción das obras. Tamén lle corresponde á Deputación a tramitación e xestión do expediente de expropiación.

Resultando.- Que segundo se desprende do citado convenio no referente á financiación, os investimentos necesarios para a realización da mencionada obra serán financiados pola Deputación de Pontevedra cunha achega do 70% e o Concello de Tui cunha achega do 30%.

Resultando.- Que na súa consecuencia, recibíuse no Servizo de Contratación informe do Xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, coa conformidade do Deputado Delegado, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Mellora da seguranza viaria na E.P. 2502 Cerquido – Ribadelouro, dende o pq. 1+950 ata o pq. 2+150 (Concello de Tui)”

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redáctase pola enxeñeira adscrita á empresa Galaicontrol, s.l. Trinidad López Rodríguez, o proxecto da obra “Mellora da seguranza viaria na E.P. 2502 Cerquido – Ribadelouro, dende o pq. 1+950 ata o pq. 2+150 (Concello de Tui)” cun orzamento base de licitación de 468.243,90 € IVE incluído. A este proxecto asígnouse o seguinte código CSV : VV069V18XCFX5Z9A.



Resultando.- Que pola Intervención emitíuse documento R.C. con número de operación 202100111518, por importe de 469.601,55 € con cargo á aplicación orzamentaria 21/456.4530.612.02.2021 do vixente orzamento provincial, correspondente ó presuposto de execución material e ás expropiacións

Resultando.- Que o pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria celebrada o día 10 de setembro de 2021 acordou aprobar inicialmente o proxecto de “*Mellora da seguranza viaria na EP- 2502 Cerquido-Ribadelouro dende o p.q. 1+950 ata o p.q. 2+150 (Tú)*”, cun orzamento de licitación de 468.243,90 €, constando ademais no expediente dilixencia de aprobación definitiva.

Resultando.- Consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que consta no expediente autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.

Resultando.- Que con data 03/02/2022 emitiu informe o Secretario Xeral da Deputación recollendo o seguinte: “*...Estímase os pregos reúnen o contido mínimo previsto nos arts. 122 da LCSP e 67 do RD 1098/2001, informándose favorablemente tendo en conta as observacións sinaladas no presente informe...*”

Resultando.- Que con data 24/02/2022 emitiu informe a Xefa do Servizo de Fiscalización, recollendo o seguinte: “*...Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP. A pesares de que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollese de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada subcriterio. CONCLUSIÓN Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente, debendo terse en conta o sinalado anteriormente...*”

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: “*A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante*”.

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que “*Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.*”



Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: “Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato..”

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: “A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto..”

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún evaluable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta á Ilma Presidenta para actuar coma órgano de contratación respecto a este contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, onde figura que lle compete á Xunta de Goberno a disposición e autorización dos gastos precisos para a contratación de obras que sendo competencia da Presidencia, superen o valor estimado de dous centos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “*Mellora da seguranza viaria na E.P. 2502 Cerquido – Ribadelouro, dende o pq. 1+950 ata o pq. 2+150 (Concello de Tui)*”, cun orzamento base de licitación de 468.243,90 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe .....	386.978,43 €
IVE (21%) .....	81.265,47 €
Importe total .....	468.243,90 €

2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas ó que se lle asignou o (CSV) RQC28SDHJ30ULIET, e o de prescricións técnicas con (CSV) VV069V18XCFX5Z9A, que rexerán neste procedemento.
3. Autorizar o gasto por importe de 468.243,90 € con cargo á aplicación orzamentaria 22/456.4530.612.02.2021 do vixente orzamento provincial.
4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.



20.31397.- APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚMERO 4 DA OBRA “MELLORA NAS INSTALACIÓNS NO PARQUE COMARCAL DE GONDOMAR”. (Expte. 2020057138)

Por Resolución Presidencial nº 2021003764, adjudícase a obra “Mellora nas instalacións do parque comarcal de Gondomar”, á empresa *Construcciones Obras e Viais S.A.* (A- 36008886) por importe total IVE engadido de 105.321,58 € e cun prazo de execución de tres meses.

Visto o informe favorable de Intervención, de data 22/02/2022 relativo á certificación nº 4 da obra: “Mellora nas instalacións do parque comarcal de Gondomar” por importe de 27.496,19 €, no que recolle a seguinte observación:

“*A pesares de que consta no expediente unha acta de comprobación de trazado negativa na que indica que non é posible o comezo das obras ó estar en tramitación o preceptivo título habilitante urbanístico e por estar pendente de aprobación do Plan de Seguridade e Saúde, non consta a aprobación do inicio da suspensión de execución do contrato, comezando as obras 2 meses despois da acta de comprobación de trazado negativa. Polo exposto a aprobación da certificación require seguir o procedemento de validación de crédito pola Xunta de Goberno*”.

Considerando o disposto no artigo 54 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, relativo a validación dos actos anulables.

Considerando que por Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Ilma Presidenta para actuar como órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en cota o disposto no artigo 185.1 e 3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e o establecido nas bases de execución do presuposto do exercicio 2022, concretamente na base 17, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a certificación nº4, autorizar o compromiso de gasto e a validación da seguinte obriga, debendo librarse o seu importe con cargo á aplicación que se cita e co seguinte detalle:

EMPRESA	Aplicación orzamentaria	Importe
CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS S.A. (A-36.008.886)	22/457.4500.622.03.2020	27.496,19€
SUBTOTAL		27.496,19€
Taxa dirección de obra (4% PEM Adx)	Id.	763,84€
Control de calidade (3% PEM Licit)		657,87€
Total descontos	Id.	1.421,71€
<b>TOTAL LIQUIDO A PERCIBIR</b>		<b>26.074,48€</b>



21.31398.- VALIDACIÓN DA SUSPENSIÓN DO INICIO DA EXECUCIÓN DA OBRA “MELLORA DA SEGURIDADE PEONIL NA E.P. 1005 VISO-HÍO (CONCELLO DE CANGAS)”. (Expte.2021005584)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada en data 22/10/2021 acordou adxudicar o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación das obras “Mellora da seguridade peonil na E.P. 1005 Viso-Hío (Concello de Cangas)”, á empresa *Movimientos de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L. (Marconsa)* por un importe total de 930.752,53 € e un prazo de execución de SEIS (6) MESES a contar dende a data de formalización da acta de comprobación do replanteo.

Resultando.- Que con data 03/12/2021 formalizouse entre o contratista e o director de obra, acta de comprobación de replanteo negativa, suspendendo o inicio das obras, xustificando a suspensión na citada acta nos seguintes termos: “*...Procédese á sinatura da Acta de Replanteo Negativa por mor das condicións meteorolóxicas así como polo próximo período de Nadal, no cal o acceso principal aos núcleos do Hío, Nerga, Viñó e Donón se realiza pola E.P. 1005 dende a PO-315..*”

Resultando.- Que con data 26/01/2022 emitiu informe o director de obra, en relación coas causas que provocaron a formalización da acta de comprobación de replanteo negativa, recollendo o seguinte: “*...A data límite de inicio das era o venres 3 de decembro de 2021, polo que de asinarse a acta de replanteo positiva, os traballos propiamente ditos de limpeza de marxes, preparación do ámbito de actuación, sinalización e balizamento de obra, colocación de casetas, replanteo da topografía etc. darían comezo de forma efectiva a partires do día 9 de decembro de 2021, xusto despois da ponte da Constitución. Este condicionante deixaría soamente sete días hábiles –entre o 9 e o 17 de decembro– para os traballos anteriormente descritos antes das semanas habituais de parada das empresas construtoras durante o Nadal, que este ano foron do 20 de decembro ao 10 de xaneiro. As condicións meteorolóxicas neses días tampouco foron favorables, dado que o frío e as choivas propios do inverno reducen de forma importante o rendemento dos traballos previos antes mencionados, que se realizan de forma manual. A maiores, o acceso principal aos núcleos do Hío, Nerga, Viñó e Donón realízase pola E.P. 1005 dende a PO-315, polo que se decidiu non actuar nin balizar a estrada (o que reduciría a súa sección útil e incrementaría a inseguridade viaria) durante o Nadal dado o aumento de tráfico que supoñen estas festas e os trastornos que ocasionarían aos veciños da zona. Por todo o anteriormente descrito, estimouse non asinar de forma positiva a acta de replanteo ata que os impedimentos para o inicio das obras en condicións de seguridade estiveran resoltos. Esta data foi finalmente o 10 de xaneiro de 2022, como se pode comprobar na acta de replanteo positiva...*”

Resultando.-Que na data 10/01/2022 formalizase acta de comprobación de replanteo positiva, establecendo nese intre como data para finalizar a obra o día 10/07/2022.

Considerando.- Que o artigo 140 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, establece nos seus apartados 1 e 2 referidos á acta de comprobación de replanteo e os seus efectos, o seguinte: “1. A acta de comprobación de replanteo reflexará a conformidade ou disconformidade do mesmo respecto dos documentos contractuais do proxecto, con especial e expresa referencia ás características xeométricas da obra, á autorización para a ocupación dos terreos necesarios e a calquera punto que poda afectar ó cumprimento do contrato. 2. Á vista dos seus





*resultados procederase nos termos previstos no artigo anterior. Caso de que o contratista, sen formular reservas sobre a viabilidade do proxecto, tivera feito outras observación que podan afectar á execución da obra, a dirección, consideradas tales observacións, decidirá iniciar ou suspender o comezo da obra, debendo xustificalo na propia acta...*

Considerando.- Que o artigo 52 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recolle que as Administracións poderán convalidar os seus actos subsanando os vicios de que adoezan. Se o vicio consistise na falta de algunha autorización, poderá ser convalidado mediante o outorgamento da mesma polo órgano competente.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Validar a suspensión do inicio da execución da obra “*Mellora da seguridade peonil na E.P. 1005 Viso-Hío (Concello de Cangas)*”, recollida na acta de comprobación de replanteo negativa asinada polo contratista e o director da obra na data 03/12/2021.
- Validar o inicio da execución da obra “*Mellora da seguridade peonil na E.P. 1005 Viso-Hío (Concello de Cangas)*”, recollida na acta de comprobación de replanteo formalizada na data 10/01/2022.
- Establecer como data para finalizar a obra o día 10/07/2022.

22.31399.- VALIDACIÓN DA SUSPENSIÓN DO INICIO DA EXECUCIÓN DA OBRA “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P.4006 NO TREITO ANTIGO DO COLEXIO DE LEIRADO (CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO)(EXPTE.2021024981)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 20 de setembro de 2021 acordou adxudicar o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Mellora da mobilidade peonil na EP-4006 no treito antigo do Colexio de Leirado (Concello de Salvaterra de Miño)*” á empresa *Excavaciones y Construcciones Manuel Perez Portela, S.L.* por un importe de 186.076,38 € IVE incluído e un prazo de execución de cinco meses.

Resultando.- Que na data 11/11/2021 recibíuse a través do rexistro web da Deputación escrito da empresa *Excavaciones y Construcciones Manuel Perez Portela, S.L.* no que recolle que dita empresa foi adxudicataria das obras de “*Reforma do muro de peche no CEIP de Leirado (Salvaterra do Miño)*” promovida pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade e das obras de “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 4006 no treito antigo do Colexio de Leirado (Concello de Salvaterra de Miño)*” promovida pola Deputación de Pontevedra, e que ambas as obras se desenrolan na mesma ubicación (CEIP Leirado), zona na que se produce un gran tránsito de vehículos e persoas nas horas de entrada e saída do colexio, polo que consideran que a realización de ambas obras simultaneamente provocará un gran impacto ao entorno do colexio mencionado, debido á maquinaria utilizada e aos traballos levados a cabo, considerando prioritaria a obra de “*Reforma do muro de peche no CEIP de Leirado (Salvaterra do Miño)*” debido a que dito muro presenta unha



importante inclinación e descalce en algunhas zonas, co risco asociado de derrumbe. Por tal motivo solicitan comezar as obras adxudicadas pola Deputación unha vez finalizadas as obras de “Reforma do muro de peche no CEIP de Leirado (Salvaterra do Miño)” reducindo desta forma o impacto provocado ao entorno do CEIP de Leirado.

Resultando.- Que con data 12/11/2021 formalizouse entre o contratista e o director de obra, acta de comprobación de replanteo negativa, suspendendo o inicio das obras, xustificando a suspensión na citada acta nos seguintes termos: “...Realizada visita, e unha vez comprobado o indicado pola empresa no escrito presentado con data 11/11/2021, obsérvase tendo en conta o acceso dos nenos o colexio, pola zona de actuación, que non poden ser executadas ambas obras a par...”

Resultando.-Que na data 10/01/2022 formalizase acta de comprobación de replanteo positiva, establecendo nese intre como data para finalizar a obra o día 10/06/2022.

Considerando.- Que o artigo 140 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, establece nos seus apartados 1 e 2 referidos á acta de comprobación de replanteo e os seus efectos, o seguinte: “1. A acta de comprobación de replanteo reflexará a conformidade ou disconformidade do mesmo respecto dos documentos contractuais do proxecto, con especial e expresa referencia ás características xeométricas da obra, á autorización para a ocupación dos terreos necesarios e a calquera punto que poda afectar ó cumprimento do contrato. 2. Á vista dos seus resultados procederase nos termos previstos no artigo anterior. Caso de que o contratista, sen formular reservas sobre a viabilidade do proxecto, tivera feito outras observación que podan afectar á execución da obra, a dirección, consideradas tales observacións, dedicará iniciar ou suspender o comezo da obra, debendo xustificalo na propia acta...”

Considerando.- Que o artigo 52 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recolle que as Administracións poderán convalidar os seus actos subsanando os vicios de que adoezan. Se o vicio consistise na falta de algunha autorización, poderá ser convalidado mediante o outorgamento da mesma polo órgano competente.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Validar a suspensión do inicio da execución da obra “Mellora da mobilidade peonil na EP-4006 no treito antigo do Colexio de Leirado (Concello de Salvaterra de Miño)”, recollida na acta de comprobación de replanteo negativa asinada polo contratista e o director da obra na data 12/11/2021.
- Validar o inicio da execución da obra “Mellora da mobilidade peonil na EP-4006 no treito antigo do Colexio de Leirado (Concello de Salvaterra de Miño)” recollida na acta de comprobación de replanteo formalizada na data 10/01/2022.
- Establecer como data para finalizar a obra o día 10/06/2022.



23.31400.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA, CONSTITUÍDA POLA EMPRESA CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO “ACORDO MARCO DE OBRAS DE CONSERVACIÓN DE FIRMES NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (LOTE 2)” (Expte.2017020647). (Devogaran 2019005467)

Por acordo da Xunta de Goberno de data 8 de maio de 2020 (CSV.- 7BXLJP8P5U3TLQY0), adxudicouse o contrato derivado do acordo marco que regula a “*Obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra, correspondente ao Lote 2-Zona B5*” (Expte. 2017020647/B5).

Para responder da realización deste contrato derivado, a empresa *Construcciones Fechi,S.L.*, adxudicataria do “*Lote 2 / Zona B5*” que figura neste contrato, constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, polo seguinte importe:

LOTE	ZONA	EMPRESA	IMPORTE (IVE Incl.)	CARTA DE PAGAMENTO
2	B5	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. (B-36.258.861)	20.700,87€	202000103022

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Infraestruturas no cal se informa que realizada visita a obra, e confirmada a súa execución acorde ás necesidades que a motivaron, informase que non existen obras e/ou revisións de prezos pendentes a maiores das xa certificadas polo director de obra na certificación Final, nin tampouco reclamacións pola calidade da obra contra o contratista, polo que procede a liquidación da obra sen variación económica.

En base ao anteriormente exposto e considerando que se cumpriu o período de garantía dende a recepción das obras con data 15/12/2020, procede a devolución da fianza definitiva constituída polo contratista, por importe de 20.700,87 €, segundo consta na carta de pagamento núm. 202000103022 de data 10/06/2020.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa adxudicataria do “*Lote2 / Zona B5*”, dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.



A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra, correspondente ao Lote 2-Zona B5*” (Expte. 2017020647), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída por parte da empresa adxudicataria do seguinte xeito:

- Proceder á devolución á empresa *CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.*, da garantía definitiva constituída en valores mediante aval de GENERALI, por importe de vinte mil setecentos euros con oitenta e sete céntimos (20.700,87 €), para responder do “*Lote 2 / Zona B5*” relativo a “*Obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 10/06/2020, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202000103022.

24.31401.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA, CONSTITUÍDA POLA EMPRESA FORESTAL SANTOMÉ, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO A “ACORDO MARCO DE OBRA DE TALA DE ARBORADO NO DOMINIO PÚBLICO DAS MARXES EN ESTRADAS DE TITULARIDADE DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (LOTES 3 E 8)” (Expte. 2018014780) (Devogaran2019026837)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 28 de setembro de 2018 (Nº Rexistro 2018018834, de data 02/10/2018), adoptouse, entre outros asuntos, a adxudicación do Acordo Marco convocado para regular a contratación das “*Obras de tala de arborado no dominio público as marxes de estradas de titularidade provincial*” (Expte. 2018014780).

Para responder da realización deste servizo, a empresa *Forestal Santomé, S.L.*, adxudicataria dos lotes 3 e 8 que figuraban neste contrato, constituíron na Tesourería desta Deputación, unhas fianzas definitivas polos importes equivalentes ao 5% dos prezos de adxudicación, polos seguintes importes:

Lote	Empresa	Importe	Carta Pago	Data
Lote 3	FORESTAL SANTOMÉ, S.L.	1.190,00€	201800150188	31/08/2018
Lote 8	(B-70143433)	1.190,50€	201800150187	31/08/2018



Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais no cal se informa o seguinte:

- a) Estamos ante a prestación dun servizo de resultado inmediato, cuxa percepción da satisfacción da correcta execución do mesmo soamente pode realizarse en data determinada por un técnico desta administración.
- b) As características do obxecto do contrato non dan lugar á existencia de vicios ou defectos do servizo máis alá do transcurso duns días, e de difícil demostración co transcorrer dos meses.
- c) Existe no expediente un informe de data 30/12/2020 onde se informa dos traballos realizados pola empresa Forestal Santomé, S.L.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresas FORESTAL SANTOMÉ, S.L., dunhas garantías definitivas con eses conceptos e por eses importes, e no que igualmente informa favorablemente á devolución das mesmas.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: *“Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”*.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación dos lotes 3 e 8 do acordo marco convocado para regular a contratación das *“Obras de tala de arborado no dominio público as marxes de estradas de titularidade provincial”* (Expte. 2018014780), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución das garantías definitivas constituídas pola empresa *Forestal Santomé, S.L.*, por resultar adxudicataria dos lotes 3 e 8 e que son as seguintes:

- A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *BANCO SABADELL*, por importe de mil cento noventa euros (1.190,00 €), para responder do *“lote 3 - Brigada nº 3. Zona Norte”*, que foi depositada na Tesourería Provincial o 31/08/2018, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201800150188.



- A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *BANCO SABADELL*, por importe de mil cento noventa euros con cincuenta céntimos (1.190,50 €), para responder do “*lote 8 - Brigada nº 8. Zona Norte*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 31/08/2018, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201800150187.

25.31402.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA, CONSTITUÍDA POLA EMPRESA, IMATIA INNOVATION, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO A “SERVIZO DE EVOLUCIÓN TECNOLÓXICA E FUNCIONAL DA PLATAFORMA DE XESTIÓN DE EXPEDIENTES DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA” (Expte.2018039828). (Devogaran 2022009155)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 14 de decembro de 2018 (CSV.- FI0889FMXXXQCWI2), adxudicouse o contrato relativo a “*Servizo de evolución tecnolóxica e funcional da plataforma de xestión de expedientes da Deputación de Pontevedra*” (Expte.2018039828).

Para responder da realización deste servizo, a empresa *Imatia Innovation, S.L.* (CIF.- B-36499960), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 5.725,00€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 201800206002 de data 04/12/2018.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal se informa que procede a devolución da fianza depositada ao transcorrer o prazo legalmente establecido para ela sen que o servizo correspondente comunicara ningún vicio ou defecto na execución do contrato.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa *Imatia Innovation, S.L.*, dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.



A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Servizo de evolución tecnolóxica e funcional da plataforma de xestión de expedientes da Deputación de Pontevedra*” (Expte. 2018039828), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *SOGARPO*, por importe de 5.725,00 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 04/12/2018, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201800206002.

26.31403.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA, CONSTITUÍDA POLA EMPRESA, FACTORÍA DE SOFTWARE E MULTIMEDIA, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO A “SERVIZO DE EVOLUCIÓN, MANTEMENTO E SOPORTE ESPECIALIZADO DO SISTEMA DE TRADUCCIÓN AUTOMATIZADA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (TRADUTOR OPENTRAD)” (Expte. 2019041408) (Devogaran 2022006552).

Por Resolución Presidencial de data 08 de xaneiro de 2020 (Núm. Rexistro.- 2020000156, de data 13/01/2020), adxudicouse o contrato relativo a “*Servizo de evolución, mantemento e soporte especializado do sistema de tradución automatizada da Deputación de Pontevedra*” (Núm. Exp. 2019041408).

Para responder da realización deste servizo, a empresa *Factoría de Software e Multimedia, S.L.* (CIF.- B-70001912), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 245,00€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 202000002148 de data 03/01/2020.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal se informa que procede a devolución da fianza depositada ao transcorrer o prazo legalmente establecido para ela sen que o servizo correspondente comunicara ningún vicio ou defecto na execución do contrato.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa *Factoría de Software e Multimedia, S.L.*, dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.



Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Servizo de evolución, mantemento e soporte especializado do sistema de tradución automatizada da Deputación de Pontevedra*” (Expte. 2019041408), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *BANKINTER*, por importe de 245,00 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 03/01/2020, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202000002148.

27.31404.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA, CONSTITUÍDA POLA EMPRESA, CIENYTECH SOLUCIONES, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO A “SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL DE LABORATORIO PARA A FINCA MOURISCADÉ DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA” (Expte. 2019013017) (Devogaran2022001418)

Por Resolución Presidencial de data 20 de setembro do ano 2019 (NºRex. 2019017208, de data 1 de outubro do ano 2019), adjudicouse, mediante procedemento aberto, a subministración, por lotes, de “*Material do Laboratorio para a Finca Mouriscadé da Deputación de Pontevedra*”. (Expte.2019013017)

Para responder da realización deste servizo, as empresas adxudicatarias dos 4 lotes que figuraban neste contrato, constituíron na Tesourería desta Deputación, unhas fianzas definitivas polos importes equivalentes ao 5% dos prezos de adjudicación, polos seguintes importes:

Lote	Empresa	Importe	Carta Pago	Data
Lote 1	CIENYTECH SOLUCIONES, S.L. (B-70508023)	775,00€	201900142143	12/08/2019
Lote 2	CIENTISOL, S.L.U. (B-15869605)	600,00€	201900140116	06/08/2019
Lote 3	METROHM HISPANIA, S.L.U. (B-88334131)	455,00€	201900140922	09/08/2019
Lote 4	CIENYTECH SOLUCIONES, S.L. (B-70508023)	200,00€	201900142144	12/08/2019





Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Medio Ambiente no cal establece que as empresas cumpriron satisfactoriamente tódolos compromisos derivados do contrato, polo que procede as devolucións das fianzas constituídas ao efecto.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte das empresas adxudicatarias, dunhas garantías definitivas con eses conceptos e por eses importes, e no que igualmente informa favorablemente á devolución das mesmas.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación dos lotes 1, 2, 3 e 4 do contrato relativo a “*Material do Laboratorio para a Finca Mouriscade da Deputación de Pontevedra*” (Expte. 2019013017), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución das garantías definitivas constituídas pola empresa FORESTAL SANTOMÉ, S.L., por resultar adxudicataria dos lotes 3 e 8 e que son as seguintes:

- A garantía definitiva constituída en metálico pola empresa CIENYTECH SOLUCIONES, S.L., por importe de setecentos setenta e cinco euros (775,00 €), para responder do “*lote 1*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 12/08/2019, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201900142143.
- A garantía definitiva constituída en metálico pola empresa CIENTISOL, S.L.U., por importe de seiscentos euros (600,00 €), para responder do “*lote 2*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 06/08/2019, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201900140116.
- A garantía definitiva constituída en metálico pola empresa METROHM HISPANIA, S.L.U., por importe de catrocenos cincuenta e cinco euros (455,00 €), para responder do “*lote 3*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 09/08/2019, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201900140922.
- A garantía definitiva constituída en metálico pola empresa CIENYTECH SOLUCIONES, S.L., por importe de douscentos euros (200,00 €), para responder do “*lote 4*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 12/08/2019, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201900142144.



28.31405.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA, CONSTITUÍDA POLA EMPRESA, EADSPEAKER WEBSERVICES, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO A “SERVIZO DE RENOVACIÓN DA LICENZA DA APLICACIÓN DE VOZ NA NUBE, MEDIANTE O SISTEMA DE PAGO POR USO”(Expte.2019051080) (Devogaran 2022006553)

Por Resolución Presidencial de data 5 de febreiro de 2020 (CSV.- 8LWF2SPFUTIRIH03), adxudicouse, mediante procedemento negociado, sen publicidade e exclusividade, o contrato convocado para a levar a cabo a “*Servizo de renovación da licenza da aplicación de voz na nube, mediante o sistema de pago por uso*”.

Para responder da realización deste servizo, a empresa READSPEAKER WEBSERVICES, S.L. (CIF.- B-65233082), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 473,10€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 202100022264 de data 03/02/2020.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal se informa que procede a devolución da fianza depositada ao transcorrer o prazo legalmente establecido para ela sen que o servizo correspondente comunicara ningún vicio ou defecto na execución do contrato.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa READSPEAKER WEBSERVICES, S.L., dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Servizo de renovación da licenza da aplicación de voz na nube, mediante o sistema de pago por uso*” (Expte. 2019051080), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en metálico, por importe de 473,10 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 03/02/2020, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202000022264.



29.31406.- RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS.

a) Vista a relación de facturas con número 2022009868, que contén 11 facturas e por un importe de 11.604,10 € e con CSV: UZA74905KWVOZO39, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 24 de febreiro de 2022, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en exercicios pechados, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	11.761,60 €
Descontos do IRPF.....	157,50€
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido .....	11.604,10 €

*Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.*

b) Vista a relación de facturas con número 2022009920 que contén 24 facturas e por un importe de 22.381,27€ e con CSV: NH0FVYCPEZXE4RIF, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 24 de febreiro de 2022, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	22.681,27 €
Descontos do IRPF.....	300,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido .....	22.381,27 €

*Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.*



30.31407.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES.

Vista a relación de facturas con número 2022009862 que contén 1 factura e por un importe de 1.287,44€ e con CSV: RFH08Y5IJVFQ0F85, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 24 de febreiro de 2022, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas e que necesitan a súa aprobación polo sistema de validación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	1.287,44 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	1.287,44 €

*Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.*

31.31408.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS EN VEHÍCULO NA E.P. 1004 NO CONCELLO DE CANGAS (Expte. 2021012032)

Dada conta que con data de rexistro 08/01/2021 (rex. nº WEB2021000633), tivo entrada nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial, formulada por D<sup>a</sup>. Stella Rodríguez Fernández en representación de D. Francisco Soliño Budiño, por danos en vehículo producidos a consecuencia dun socavo na estrada provincial E.P. 1004 Vilarinho-Hío, no Concello de Cangas, o día 25/01/2020, e que cuantificou economicamente en 752,02 €.

Resultando.- Que con data 26/04/2021, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, o cal foi emitido na data 02/06/2021 co seguinte contido literal:

*PRIMEIRO.- A estrada provincial E.P. 1004 VILARIÑO-HÍO forma parte da rede provincial de estradas.*

*SEGUNDO.- Este servizo non foi notificado do accidente obxecto da reclamación.*

*Nos anos 2018, 2019 e no que levamos de 2021 non existen partes de incidencias nin avisos nesa estrada provincial. Tampouco nada do día sinalado na reclamación.*



*Nembargantes no ano 2020 aparecen 5 partes filtrados a continuación:*

*(xúntanse os citados partes dos que se extracta o seguinte):*

*Nº de Parte 2020/71 de 03/02/2020 → Solicitan sinalizar tapa sumidoiro Fenosa afundida.*

*Nº de Parte 2020/322 de 12/09/2020 → Limpieza de sustancia corrosiva derramada el jueves. Solicitan nueva intervención con la vista puesta en las próximas lluvias que lo llevarían a un riachuelo.*

*Nº de Parte 2020/323 de 13/09/2020 → Resina na carretera.*

*Nº de Parte 2020/326 de 15/09/2020 → Limpeza de vertido tóxico.*

*Nº de Parte 2020/449 de 15/11/2020 → Mancha de aceite.*

*Como se pode comprobar, ás 00:05 do día 3 de febreiro do ano 2020 existe un aviso por parte do 112 SOS GALICIA solicitando a “sinalización de tapa de sumidoiro de Fenosa afundida”. É dicir, nas datas posteriores ao accidente.*

*Unha vez realizada a inspección do lugar compróbase que a tapa pertence á rede eléctrica e que atópase reparada e fóra de risco para o tráfico rodado (achéganse as fotos do vixiante)*

*TERCEIRO.- Dentro das competencias dos Municipios, os servizos e mantemento é un área municipal que, dentro dos concellos, se encarga de que todas as infraestruturas de carácter público e as dependencias municipais se atopen nun estado óptimo de conservación e limpeza adecuados.*

*Por outro lado inspeccionar, controlar e dirixir os servizos públicos concedidos ou contratados a tal fin.*

*Dentro destes servizos atópase o alumeadado público no que se inclúe:*

- *Mantemento de alumeadado público.*
- *Mantemento de instalación eléctricas.*
- *Instalación contra incendios.*
- *Instalacións eléctricas temporais por actos festivos, culturais, etc.*
- *Servizos de retén e gardas para instalacións eléctricas.*

*Por tanto debería ser o concello o responsable de advertir ou subsanar a incidencia na estrada provincial para proceder á súa reparación.*

*CUARTO.- Por todo o anteriormente exposto, conclúese que non existía constancia de ningún perigo que puidera incidir na seguridade viaria da estrada provincial na data sinalada, polo que non procedía por parte deste servizo a sinalización do mesmo.*



*Como se pode comprobar polas fotos que se achegan, unha vez temos constancia da incidencia, compróbase in situ que a incidencia na estrada xa fora reparada por persoal alleo a este servizo.*

*Firmado por*

*María Belén Pampín Camino*

*Enxeñeiro*

*Firmado por*

*Daniel Romay Díaz*

*Director de Infraestruturas e Vías Provinciais*\_\_\_\_\_

Resultando.- Que con data 17/06/2021, e con fundamento no artigo 4.1, apartados b) e c) da Lei 39/2015, e 76.1 da mesma Lei, conferiuse ó Concello de Cangas un prazo de dez días para que puidera comparecer como interesado e realizar as alegacións que tivera por convenientes, presentando escrito na data 01/07/2021, co seguinte contido:

*D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Victoria Portas Mariño, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Cangas, no exercicio das competencias que lle corresponden, de conformidade ao establecido no art. 21.1b) e k) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e art. 61.1a) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, ante esa Entidade comparece e, como mellor proceda en dereito,*

*EXPÓN:*

*Que recibido no Rexistro de Entrada deste Concello en data 17 de xuño de 2021 emprazamento da Deputación Provincial de Pontevedra como parte interesada no expediente de responsabilidade patrimonial seguido a instancia de Stella Rodríguez Fernández E/R Francisco Soliño Budiño con outorgamento de prazo para a presentación de alegacións, a medio da presente, en tempo e forma, procede formular as seguintes*

*ALEGACIÓNS:*

*Solicitado informe aos técnicos do departamento municipal de Servizos en relación cos feitos dos que trae causa o emprazamento e emitido este en data 29/06/2021, no mesmo se pon de manifesto que a arqueta que tería motivado o incidente no que se basea a reclamación "pertence a Unión Fenosa Distribución xa que se trata das redes de distribución de enerxía eléctrica", sendo totalmente allea ao servizo das competencias que exerce este Concello.*

*Do anterior resulta que o mantemento e conservación da citada instalación non se atopa no ámbito das obrigas que corresponden ao Concello de Cangas en aplicación da normativa sectorial de estradas e, en consecuencia, non cabe imputarlle responsabilidade ningunha polos feitos descritos na reclamación de responsabilidade patrimonial obxecto do presente escrito".*

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial nº RP2021003992 de data 06/07/2021, e en virtude do artigo 32.1 da Lei 39/2015, ampliouse o prazo para resolver a reclamación, por corresponder naquel intre procedimental o emprazamento como posible interesada no expediente á mercantil Unión Fenosa Distribución, circunstancia esta que aconsellou a ampliación do prazo para resolver.



Resultando.- Que con data 07/07/2021, e con fundamento no artigo 4.1, apartados b) e c) da Lei 39/2015, e 76.1 da mesma Lei, conferiuse a Unión Fenosa Distribución un prazo de dez días para que puidera comparecer como interesada e realizar as alegacións que tivera por convenientes, presentando escrito na data 23/09/2021, co seguinte contido:

*UFD Distribución Electricidad, S.A., con identificación fiscal núm. A-63.222.533 e domicilio na Travesía de Vigo, 204, en Vigo, e no seu nome e representación Don Francisco Javier Ramos Díaz; perante esta Administración comparezo e, na forma que mellor proceda, DIGO:*

*Que atendendo ao requirimento realizado por esta Administración no asunto de referencia, realizamos, en tempo e forma, as seguintes:*

**MANIFESTACIÓNS:**

*ÚNICA.- Que na localización facilitada existe unha arqueta anulada, pola que non discorre rede eléctrica, cuxa fotografía figura no anexo 1. Ante as dúbidas da súa pertenza no pasado á rede de abastecemento eléctrico e a raíz do requirimento dese Organismo, realizouse a colocación dunha tapa reforzada en marzo 2020.*

Considerando.- Que no presente procedemento seguiuise o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral, agás no referido á cumprimentación do prazo para resolver, e isto debido á acumulación de tarefas nos servizos participantes na súa tramitación, á tardanza na emisión de informes e na cumprimentación de requirimentos.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015 e 91.2 da Lei 39/2015) co material probatorio aportado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación, pois do instruído no expediente despréndense os seguintes argumentos que a eximen de responsabilidade:

- O Servizo de Infraestruturas da Deputación non foi notificado do accidente.
- Uns días despois deste accidente, recibíuse un aviso por parte do 112 SOS GALICIA solicitando a sinalización dunha tapa de sumidoiro de Fenosa afundida.
- Realizada a inspección do lugar, comprobouse que a tapa pertencía á rede eléctrica e que se atopaba reparada e fóra de risco para o tráfico rodado.



- Manifesta, asemade, o Servizo de Infraestruturas no seu informe, que dentro das competencias dos municipios está a de controlar e dirixir os servizos públicos concedidos ou contratados a tal fin, atopándose o alumeado dentro destes servizos, e que inclúe o mantemento do alumeado público, o mantemento de instalacións eléctricas, etc., polo que debería ser o Concello o responsable de advertir ou subsanar a incidencia na estrada provincial para proceder á súa reparación.
- Non existía constancia de ningún perigo na estrada provincial na data sinalada, polo que non procedía a sinalización do desperfecto.
- A Presidenta-Alcaldesa do Concello de Cangas manifesta na data 01/07/2021 que a arqueta pertence a Unión Fenosa Distribución, sendo totalmente allea ao servizo das competencias que exerce o Concello, polo que o mantemento e conservación da instalación non se atopa no ámbito das obrigas que corresponden a este en aplicación da normativa sectorial de estradas.
- Unión Fenosa Distribución, no seu escrito de alegacións, manifesta que na localización existe unha arqueta anulada e a raíz do requirimento realizado por este Organismo, procedeu á colocación dunha tapa reforzada en marzo de 2020.

Considerando.- Que non pode a Deputación facerse cargo dos danos ocasionados aínda que sexa a titular da vía, toda vez que o obxecto da reclamación é un desperfecto nunha tapa da rede eléctrica, de cuxa presenza na calzada non se tivo constancia, non podendo imputárselle responsabilidade a esta Administración pola mera detención material dunha infraestrutura, o que a convertería nunha especie de aseguradora universal de todos os riscos.

Neste senso, a Sentenza do Tribunal Supremo de data 11/02/1987 razoa que non cabe imputar, nin sequera á Deputación Provincial, una omisión do deber de vixilancia na estrada da súa titularidade, pois para iso habería que coñecer o tempo transcorrido entre a presenza do obstáculo na vía pública e o momento do accidente, pois non cabe atribuír á Administración o deber de reaccionar de forma inmediata ante calquera accidente.

Tamén nesta liña argumental o entenderon precedentes similares, coma os do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra que se citan “ad exemplum”:

- Sentenza 80/2008, de 10 de abril: “(...) *No puede responsabilizarse a la Corporación Local de que la tapa del alcantarillado estaba mal colocada pues bien pudo existir una intervención de un tercero, bien haber sido manipulada con ocasión del mantenimiento del servicio de alcantarillado y tratamiento de aguas residuales que es de la competencia municipal de acuerdo con el artículo 25.2 l) y de la Ley 7/1985, de 2 de abril, y el artículo 80.2 l) de la Ley 5/1997, de 22 de julio de Administración Local de Galicia, de tal forma que el título de imputación de la responsabilidad viene dado por la titularidad administrativa del servicio, en cuyo ámbito se produce el daño y que, como se ha dicho, es municipal (...)*”





- Sentenza 252/2008, de 30 de outubro: “(...) Si como parece el desplazamiento de la tapa pudo obedecer al paso de camiones de gran tonelaje por la vía pública se estaría ante una intervención de terceras personas que romperían el nexo causal entre el funcionamiento del servicio público de alcantarillado o, incluso, de la conservación de la carretera (...)”

E a Sentenza 158/2017 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Pontevedra: “(...) Debe analizarse si ese estado defectuoso de la arqueta es imputable o no a título de responsabilidad a la Administración aquí demandada. La respuesta a esa cuestión debe ser necesariamente negativa pues, como ya se ha dicho anteriormente, el servicio de recogida de aguas no es competencia de la Diputación de Pontevedra”.

Considerando.- Que non houbo mais accidentes pola mesma causa.

Todo elo sen que isto presupón prexulgamento da responsabilidade que, en todo caso e ao abeiro do artigo 1.902 do Código Civil, podería esixirse no eido da xurisdición civil á devandita empresa.

Considerando.- Que foi Unión Fenosa Distribución quen procedeu á reparación da arqueta coa colocación dunha tapa reforzada, o que implica a concorrenza dun terceiro que quebraría a relación causalidade respecto da Deputación, reforzado tal argumento polo feito de ter reparado a citada empresa o desperfecto, o que fala da asunción tácita da súa responsabilidade.

Considerando.- Que a xurisprudencia sentada polo T.S. fai descansar o título de imputación da responsabilidade á Administración -entre outros motivos-, na inoperancia, inacción, renuencia ou retardo na reposición da vía máis aló dos 45-60 minutos a partir da chamada ou aviso para a súa reposición, feito de modo real e probado, o que non se produce no presente suposto xa que non houbo chamada por causa do accidente polo que de nada se pode responsabilizar a esta Deputación, podendo neste sentido invocarse “ad exemplum” as seguintes sentenzas: Sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/02/87; sentenza do T.S. Sala 3ª de 07/10/97; sentenza do T.S. Sala 6ª de 03/12/02; sentenza do T.S. Sala 3ª de 24/02/03 F.X.1º; sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/12/07 F.X.2º; sentenza do TSXG de 24/12/03 F.X.5º; sentenza do TSXG do 27/12/07; sentenza do TSXG de 04/10/07; ditame do Consello de Estado de 26/04/07; Sentenza da sección 8ª da Sala do contencioso-administrativo da Audiencia Nacional de 23/06/98; do Xulgado do contencioso-administrativo nº1 de Pontevedra, sentenzas números 121/04; 20/07; 140/08; 114/09; 123/11; 77/12; 68/13 e 185/13; do Xulgado do contencioso-administrativo nº2 de Pontevedra, sentenzas números 170/04; 2/05; 183/06; 74/09; 112/14 e 264/14; e do Xulgado do contencioso-administrativo nº3 de Pontevedra, sentenzas números 179/04; 74/08; 250/13, 112/14 e 220/20; abundancia de precedentes que, de interpoñerse recurso contencioso, facultaría á Deputación á solicitude de imposición de costas pola temeridade e mala fe na interposición da acción, considerando a pluralidade de precedentes e a identidade de razón entre eles e a “causa petendi” da presente reclamación.



Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 39/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) e h) da Lei 39/2015 referidos á desestimación argumentada da reclamación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar a reclamación.

32.31409.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR DANOS MATERIAIS NO CONCELLO DE A GUARDA (Expte. 2020042249)

Dada conta que con data de rexistro 11/04/2019 (núm. rex. 2019022194), o Concello de A Guarda traslada a esta Deputación expediente de responsabilidade patrimonial seguido a instancia de D<sup>a</sup>. Carmen Vicente Lomba por danos materiais producidos por mor dunha caída, o día 21/02/2019, a consecuencia, segundo manifesta, da presenza de gravilla e de estar separado o remate da beirarrúa da rúa Concepción Arenal na que se estaban a executar as obras do “*Proxecto de execución de recuperación de espazos e mellora da mobilidade peonil na rúa Concepción Arenal E.P. 3401 Acceso Porto (Concello da Guarda)*”, e que cuantificou economicamente en 256 euros.

Resultando.- Que con data 31/10/2019, o *Concello de A Guarda* remite a esta Deputación Resolución da Alcaldía que ordena a remisión da reclamación por ser a Deputación a competente para a incoación, tramitación e resolución do expediente.

Resultando.- Que con data 13/11/2019, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/1986, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais desta Deputación, que o emitiu o día 20/11/2019, co seguinte contido:

*(...) Unha vez estudado o momento da caída producida e analizadas as fotos presentadas polo axente de policía, infórmase o seguinte:*

*Durante a execución dos traballos foron establecidos diferentes desvíos peonís para que os veciños puidesen circular de forma segura, sendo estes coordinados entre a empresa construtora ORESA, S.L. e o propio Concello de A Guarda. Neste caso obsérvase que existen nas imaxes malos de seguridade, así como pasarelas temporais peonís para salvar os desniveis existentes entre as zonas executadas e zonas pendentes de executar.*

*En concreto, estamos ante esta situación debido a que D<sup>a</sup>. Carmen Vicente Lomba quería acceder á rúa Domínguez Fontenla (onde se atopa o supermercado Familia), e ela viña dende a rúa Manuel Álvarez, polo que tiña que cruzar a rúa Concepción Arenal, en obras.*



*Tal e como se observa nas imaxes, existía un desvío provisional onde debía de ir pola zona xa formigonada e cruzar pola pasarela peonil, para salvar o desnivel entre o executado e a beirarrúa existente, evitando deste modo cruzar por unha zona na cal o material existente do pavimento non era o definitivo. A maiores, o informe do policía local indica que ela tropezou cos dous tubos existentes pegados á beirarrúa, polo que D<sup>a</sup>. Carmen Vicente Lomba cruzou por fóra do camiño indicado para peóns, nesta altura da obra, non estando establecido como seguro, e polo tanto, fóra dos establecidos pola empresa construtora ORESA, S.L. para a seguridade dos usuarios.*

*O Xefe dos Servizos de Infraestruturas e Vías Provinciais e Director da obra  
Francisco Alonso Fernández*

---

Resultando.- Que con data 03/02/2020, e con fundamento nos artigos 4.1, apartados b) e c), da Lei 39/2015, e 76.1 da mesma Lei, déuselle traslado da reclamación á mercantil ORESA, S.L., para que puidera comparecer como interesada e facer as alegacións que tivera por convenientes, presentando escrito na data 17/02/2020, co seguinte contido:

*“En consonancia con el informe redactado por la Excm. Diputación de Pontevedra, a este respecto, se concluye que ORESA, S.L. no se considera responsable de los daños ocasionados, al no circular la afectada por los itinerarios seguros establecidos por nuestra empresa para el tránsito de peatones”.*

*Fdo. Santiago Pereira Arias  
Director Técnico*

Resultando.- Que con data 22/09/2020, comunicouse á interesada, D<sup>a</sup>. Carmen Vicente Lomba, a necesidade de que presentase a reclamación perante esta Deputación para poder tramitar o expediente, presentando a citada reclamación na data 21/10/2020.

Considerando.- Que no presente procedemento seguíuse o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1<sup>a</sup> do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral, agás no referido á cumprimentación do prazo para resolver, e isto debido ó confinamento derivado da COVID, á acumulación de tarefas nos servizos participantes na súa tramitación, a coincidencias con períodos vacacionais, , engadindo as tardanzas nas emisións dos informes solicitados e na cumprimentación de requirimentos.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescripción), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 39/2015) co material probatorio aportado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación no evento lesivo, pois a forza causalional débese única e exclusivamente á actitude temeraria da accidentada, posto que:

- A caída produciuse a plena luz do día, polo que era perfectamente visible que a zona se atopaba en obras.



- A propia reclamante, no parte de denuncia realizado perante a Policía Local de A Guarda o día 21/02/2019, manifesta que cruzou a rúa que está en obras: *“iba andando hoy por la mañana a las 11:30 h por la c/ Manuel Álvarez dirección al supermercado Familia. Cruzo la c/ Concepción Arenal -que ahora está en obras hacia la acera donde estaba Autos Baz, y al echar el pie a la acera, motivado a que hay gravilla y el remate de la acera está separado, caigo de bruces al suelo (...)”*.
- Consta xunto coa documentación aportada pola reclamante, informe da Policía Local de data 22/02/2019 no que se relata o seguinte: *“el lugar donde la denunciante sufrió la caída es una zona que actualmente se encuentra en obras, dispone de aceras y un firme de hormigón irregular, con piedras sueltas. Los tubos plásticos de color rojo destinados a canalización donde manifiesta la denunciante haber tropezado sobresalen del firme 17 cm de la altura de la acera 7 cm”*.
- Segundo o informado polo Servizo de Infraestruturas desta Deputación, durante a execución dos traballos foron establecidos diferentes desvíos peonís para que os veciños puidesen circular de forma segura, sendo estes coordinados entre a empresa construtora ORESA, S.L. e o propio Concello de A Guarda.
- Aprécianse nas fotografías achegadas pola reclamante, que existen valos de seguridade, así como pasarelas temporais peonís para salvar os desniveis existentes entre as zonas executadas e zonas pendentes de executar.
- Asemade, segundo o informado polo Servizo de Infraestruturas, D<sup>a</sup>. Carmen Vicente Lomba quería acceder á rúa Domínguez Fontenla (onde se atopa o supermercado Familia), e ela viña dende a rúa Manuel Álvarez, polo que cruzou a rúa Concepción Arenal, en obras.
- Á vista das fotografías obrantes no expediente, pódese observar que existía un desvío provisional para o tránsito dos peóns, polo que a reclamante debeu circular pola zona xa formigonada e cruzar pola pasarela peonil, evitando deste modo cruzar por unha zona na cal o material existente do pavimento non era o definitivo.
- A maiores, o informe do policía local indica que ela tropezou cos dous tubos cor vermello pegados á beirarrúa, o que ven constatar que cruzou por fóra dos lugares establecidos pola empresa construtora ORESA, S.L. para a seguridade dos usuarios.
- A reclamante debeuse decatar de que estaba a atravesar unha zona en obras e debeu prestar atención ao seu traxecto extremando a precaución debido ó risco que supón facelo por fóra dos itinerarios establecidos para o tránsito de peóns e á obriga de calquera cidadán de circular polas zonas públicas coa suficiente atención tendo en conta as circunstancias existentes.
- Segundo o alegado pola empresa adxudicataria das obras, ORESA, S.L., a afectada non circulaba polos itinerarios seguros establecidos pola empresa para o tránsito de peóns.



Considerando.- Que non se produciron mais caídas pola mesma causa, o que ven suxerir que a súa xénese e dinámica reside na actitude tórpida ou pouco dilixente da accidentada.

Nesta liña argumental o entenderon precedentes como os que se citan “ad exemplum”:

“... *El comportamiento humano implica soportar los pequeños riesgos que una eventual falta de cuidado y atención comporta...*” Sentenza de 2 de marzo de 2006 da Sala Primeira (do Civil) do T.S., LA LEY JURIS 11410/2006; e na mesma liña:

- Sentenza do 9 de maio de 2000 do T.S.
- Sentenza do 26 de marzo de 2004 do T.S.X.G.
- Sentenza do 10 de marzo de 2005 da Sala do Contencioso-Administrativo do T.S.J. de Canarias.
- Sentenza do 30 de novembro de 2005, da Sección 14ª da Audiencia Provincial de Barcelona.
- Sentenza do 23 de decembro de 2005 da Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 2ª, do T.S.J. de Castilla y León.
- Sentenza do 3 de marzo de 2006 da Sala Primeira (do Civil) do T.S.
- Sentenza do 9 de marzo de 2006, da Sección 1ª do T.S.J. de Andalucía.
- Sentenza do 6 de abril de 2006, da Sección 3ª do T.S.J. de Andalucía.
- Ditame do Consello Consultivo de Galicia 877/06.
- Sentenza 262/2011 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra.
- Sentenza 156/2010 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra:  
*“...aún en el caso de reconocer ese déficit en las medidas, sea de seguridad sea de vigilancia, a adoptar respecto a la zona en obras, tampoco sería posible hablar de nexo causal directo (...). Al contrario, todo parece indicar que fue una desatención por parte del peatón en las condiciones de la vía la que originó el siniestro...”*
- Sentenza 20/2012 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra:  
*“Por tanto, ni el estado de la acera en ese punto puede considerarse sorpresivo para el peatón, ni se puede considerar que fuese un obstáculo imprevisible e inevitable, pues se aprecia claramente por una persona con diligencia media con un deambular normal, existiendo más espacio en la acera para pasar, de forma que ha de considerarse que Dª. Victoria iba distraída y perdió el equilibrio cayendo en la acera (...). Se acredita la causa de exoneración consistente en culpa de la víctima, pues a esta también le es exigible la deambulación diligente, sin que quepa hacer del carácter objetivo de la responsabilidad patrimonial de la Administración Pública una especie de aseguradora universal de todos los daños que se produzcan...”*
- Sentenza 252/13 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo:  
*“...el daño ha de imputarse a la falta de atención y cuidado del peatón, daño que tenía el deber jurídico de soportar y que desde esta perspectiva, no puede calificarse como de antijurídico...”*



- Sentenza 150/16 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra:  
*“...Es exigible a cualquier viandante una mínima diligencia y cuidado cuando transita, que se concreta lógicamente en un deber de atención y cuidado”.*
  
- Sentenza 210/2016 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra:  
*“(...) Eventual falta de atención, comportamiento desatento, o falta de diligencia básica debida en el actuar de la peatón lesionada. Sumado a la evidente dificultad para mantener en un impecabilísimo estado de conservación todas las aceras y vías públicas... y a la falta de demostración de que M<sup>a</sup>. Dolores sufriera algún tipo de dolencia, enfermedad o discapacidad física, que le impidiera asegurar el paso en términos más o menos razonables, así como de que en ese mismo lugar hubiera sufrido otra caída algún otro viandante en fechas cercanas, así como a la condición del punto concreto donde se encontraba el desnivel de zona por la que no tiene que transitar el peatón, en tanto se encuentra dentro del alcorque instalado para un árbol y en una acera de considerables dimensiones (lo cual dejaba un muy buen espacio libre para la deambulación de la peatón aquí lesionada) entiendo que impide tener por cierta la acreditación suficiente para este supuesto de la existencia de un nexo causal eficiente, directo, entre daño o lesión por el que se reclama y el funcionamiento de un servicio público municipal. Por lo dicho procede la desestimación del presente recurso”.*

Na mesma liña argumental se pronuncian as sentenzas 4/2018 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, 217/2017 e 82/2019 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra e 5/2019 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra.

Considerando.- Que en supostos con identidade de razón, foron desestimadas as solicitudes de indemnización, sen que os reclamantes tiveran acudido á vía xudicial, conscientes de que hai accidentes que dependen unicamente da dilixencia na deambulación de quen os sofre, e que, atendendo á fundamentación e razoamentos do acordo notificado, declinaron interpoñer, xa non recurso na vía administrativa, senón nin sequera na orde contenciosa o que, por outra banda e cinguíndonos ó presente suposto, obrigaría, de recorrer a esta última vía, a solicitar as costas procesuais. Tales precedentes constan na Asesoría Xurídica.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 39/2015, 54 da Lei 7/1985 e 223 do R.d. 2568/1986.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) e h) da Lei 39/2015, referidos á desestimación argumentada da reclamación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar a solicitude de indemnización.



33.31410.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR CAÍDA NO CONCELLO DE CANGAS (Expte. 2021023722)

Dada conta que con data de rexistro 04/05/2021 (núm. rex. 2021011005), tivo entrada nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por D. Monserrat Loureiro Paredes, por lesións e danos materiais sufridos por mor dunha caída, o día 11/06/2020, a consecuencia, segundo manifesta, dun burato que deixaron para a colocación dun portal, aproximadamente no quilómetro 2 da estrada provincial E.P. 1001, no Concello de Cangas, e que cuantificou economicamente en 1.430 €.

Resultando.- Que con data 26/05/2021, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/1986, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais desta Deputación, que o emitiu na data 21/07/2021, co seguinte contido:

*PRIMEIRO.- A estrada E.P. 1001 CANGAS-COIRO-MADALENA pertence á rede provincial de estradas.*

*O accidente tivo lugar no punto quilométrico 1+450 da estrada provincial.*

*SEGUNDO.- Este servizo non foi notificado do accidente obxecto da reclamación.*

*Dende o 1 de xaneiro de 2018 ata a data de hoxe non existe ningún parte de incidencia nin avisos por este motivo (ou por outros similares) nesa estrada provincial.*

*Achéganse os partes deses anos (no ano que está en curso non tivemos ningunha incidencia).*

*TERCEIRO.- As obras de urbanización executadas neste tramo foron adxudicadas á empresa Excavaciones y Construcciones Pérez Portela, S.L. en xaneiro do 2014 en convenio co Concello de Cangas a través de Proxecto: "URBANIZACIÓN E.P. 1001 CANGAS-COIRO-MAGDALENA, P.Q. 0+760 AO 2+100 (CANGAS)" (ANULADADES 2014 A 2017).*

*Descóñese a causa do desperfecto na beirarrúa aínda que aparentemente trátase da mala execución do acceso a unha propiedade particular o que non tería nada que ver coas obras descritas.*

*Non consta neste servizo autorización para as mesmas polo que vaise requirir aos propietarios da mesma a documentación necesaria para comprobar se cumpren os condicionantes establecidos conforme á normativa existente.*

*De acordo co establecido no artigo 177 do RXEG constitúe unha infracción de carácter grave:*

*a) Realizar obras, instalacións, usos ou actuacións non permitidos nas zonas de protección da estrada ou incumprindo algunha das prescricións impostas nas autorizacións outorgadas, cando, neste último caso, non for posible a súa legalización posterior.*

*Polo indicado, procederase a requirir ao propietario para que, no prazo improrrogable de quince (15) días contados a partir da recepción do requirimento repaña as cousas segundo o establecido nas autorizacións pertinentes ou, no seu defecto, formule as alegacións que considere oportunas, xa que do contrario incoarase o correspondente expediente sancionador e de adopción das medidas necesarias para a restitución e reposición das cousas ao estado anterior a costa da persoa obrigada.*



*CUARTO.- Informarlle que a conservación e mantemento de beirarrúas, aínda que estean situadas no dominio público doutra administración (da Deputación de Pontevedra, neste caso), ven determinada polas competencias que o Municipio ten en plantexamento, xestión, execución e disciplina urbanística.*

*O mantemento da beirarrúa nese treito da estrada provincial faciase de xeito rutineiro a través dos servizos municipais.*

*A competencia de conservación e mantemento das beirarrúas nese tramo correspondería por tanto ao Concello.*

*QUINTO.- Por todo o anteriormente exposto, non existía ningún antecedente que xustificara sinalización por parte deste servizo nesa rúa nas datas sinaladas.*

*María Belén Pampín Camino*

*Enxeñeiro*

*Daniel Romay Díaz*

*Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais \_\_\_\_\_*

Resultando.- Que con data 18/10/2021, o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais emitiu informe complementario con seguinte contido:

*No punto quilométrico onde tivo lugar o accidente é o 1+450 da estrada provincial existen dous accesos rodados a propiedades particulares executados sen autorización.*

*Estas obras descritas actualmente supoñen un risco para a seguridade viaria, especialmente para o tránsito peonil, xa que presentan aristas cortantes e un oco na beirarrúa existente.*

*Polo indicado, ambos propietarios foron requiridos e notificados para que, no prazo improrrogable de quince (15) días contados a partir da recepción do requirimento repoñan as cousas ao seu estado anterior ou, no seu defecto, formulen as alegacións que consideren oportunas, xa que do contrario incoarase o correspondente expediente sancionador e de adopción das medidas necesarias para a restitución e reposición das cousas ao estado anterior a costa da persoa obrigada.*

*María Belén Pampín Camino*

*Enxeñeiro*

*Daniel Romay Díaz*

*Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais \_\_\_\_\_*

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial nº RP2021006545 de data 04/11/2021, e con fundamento no artigo 32.1 da Lei 39/2015, ampliouse o prazo para resolver o expediente por atoparse pendente da resposta ao requirimento realizado polo Servizo de Infraestruturas ó propietario do portal.





Considerando.- Que no presente procedemento seguiuise o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 39/2015) co material probatorio aportado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación no evento lesivo. Así, do expediente se desprende o seguinte:

- A caída tivo lugar ás 20 horas, do día 11 de xuño, é dicir, a plena luz do día.
- Nas fotografías aportadas pola reclamante obsérvase que o desperfecto era perfectamente visible, existindo mais espazo na beirarrúa para pasar, adoptando a reclamante unha actitude arriscada ó decidir correr pola beirarrúa tan próxima ó muro, ate introducir o pé no oco do riel do portal de acceso á vivenda.
- Todo parece indicar, dada a rotura do teléfono móbil (cuxos danos tamén se reclaman) que ía mirando o mesmo, o que puido influír no desprazamento da súa traxectoria cara o muro da vivenda e a posterior caída, polo que debeu presumir que isto suporía un perigo para a súa seguridade.
- Segundo o Servizo de Infraestruturas da Deputación, non foi notificado do accidente obxecto da reclamación.
- Dende o 1 de xaneiro de 2018 ata a data do informe non existe ningún parte de incidencia nin avisos por este motivo ou por outros similares nesa estrada provincial.
- Descoñécese a causa do desperfecto na beirarrúa aínda que aparentemente trátase da mala execución do acceso a unha propiedade particular.
- Non consta neste servizo autorización para as mesmas polo que vaise requirir aos propietarios para comprobar se cumpren os condicionantes establecidos conforme á normativa existente.
- A conservación e mantemento de beirarrúas, aínda que estean situadas no dominio público doutra administración, ven determinada polas competencias que o Municipio ten en plantexamento, xestión, execución e disciplina urbanística.



- O mantemento da beirarrúa nese treito da estrada provincial faciase de xeito rutineiro a través dos servizos municipais.
- A competencia de conservación e mantemento das beirarrúas nese tramo correspondería por tanto ao Concello.
- Non existía ningún antecedente que xustificara sinalización por parte deste servizo nesa rúas datas sinaladas.

Considerando.- Que non se produciron mais caídas pola mesma causa, o que incide na falta de dilixencia e atención da accidentado.

Considerando.- Que a Ordenanza de Seguridade Viaria da Deputación Provincial de Pontevedra aprobada na sesión plenaria celebrada o día 22/02/2013, sen que se tivera presentado ningunha alegación á mesma, de aplicación en todas as vías de titularidade provincial, recolle no seu artigo 5.5 o seguinte:

*“A responsabilidade da xestión, sostemento e reparación dos elementos de urbanización será do concello respectivo, sen prexuízo da asistencia e colaboración que poida prestar a Deputación”.*

Polo que a competencia de conservación e mantemento das beirarrúas neste tramo correspondería, por tanto, ao Concello.

Considerando.- Que o Concello de Cangas non recorreu a citada ordenanza ni na vía administrativa nin na vía contenciosa.

Considerando.- Que a Sentenza 5/2019 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, sinala o seguinte:

*“El dato de referencia se vino también a confirmar definitivamente gracias a la aportación documental realizada en Sala por el letrado de la Diputación, consistente en una copia de la ordenanza de seguridad vial de la Diputación, aprobada el 22/02/2013 y publicada en el BOPDEPO nº 98, de 23/05/2013, de entre cuyas disposiciones se hizo especial mención por dicho letrado al art. 5.4 y 5, sobre cuyo contenido también se emitió certificación de enero de 2019 del secretario xeral de la demandada, confirmando que las “aceras” pertenecientes a vías urbanas y travesías de carreteras de titularidad provincial, tienen la consideración de elementos de urbanización lo que, según el párrafo 5º del art. 5 de la Ordenanza ya mencionada, conlleva la “responsabilidad” por su gestión, sostenimiento y reparación a cargo del Concello dentro de cuyo término municipal se halle la vía, tramo urbano o travesía en cuestión, por más que la titularidad de la misma sea provincial, es decir, de la Diputación”.*

Considerando.- Que non se produciron mais caídas pola mesma causa, o que ven suxerir que a súa xénese e dinámica reside na actitude tórpida ou pouco dilixente da accidentado.



Nesta liña argumental o entenderon precedentes como os que se citan “ad exemplum”:

“... *El comportamiento humano implica soportar los pequeños riesgos que una eventual falta de cuidado y atención comporta...*” Sentenza de 2 de marzo de 2006 da Sala Primeira (do Civil) do T.S., LA LEY JURIS 11410/2006; e na mesma liña:

- Sentenza do 9 de maio de 2000 do T.S.
- Sentenza do 26 de marzo de 2004 do T.S.X.G.
- Sentenza do 10 de marzo de 2005 da Sala do Contencioso-Administrativo do T.S.J. de Canarias.
- Sentenza do 30 de novembro de 2005, da Sección 14ª da Audiencia Provincial de Barcelona.
- Sentenza do 23 de decembro de 2005 da Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 2ª, do T.S.J. de Castilla y León.
- Sentenza do 3 de marzo de 2006 da Sala Primeira (do Civil) do T.S.
- Sentenza do 9 de marzo de 2006, da Sección 1ª do T.S.J. de Andalucía.
- Sentenza do 6 de abril de 2006, da Sección 3ª do T.S.J. de Andalucía.
- Ditame do Consello Consultivo de Galicia 877/06.
- Sentenza 262/2011 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra.
- Sentenza 156/2010 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra:  
*“...aún en el caso de reconocer ese déficit en las medidas, sea de seguridad sea de vigilancia, a adoptar respecto a la zona en obras, tampoco sería posible hablar de nexo causal directo (...). Al contrario, todo parece indicar que fue una desatención por parte del peatón en las condiciones de la vía la que originó el siniestro...”*
- Sentenza 20/2012 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra:  
*“Por tanto, ni el estado de la acera en ese punto puede considerarse sorpresivo para el peatón, ni se puede considerar que fuese un obstáculo imprevisible e inevitable, pues se aprecia claramente por una persona con diligencia media con un deambular normal, existiendo más espacio en la acera para pasar, de forma que ha de considerarse que Dª. Victoria iba distraída y perdió el equilibrio cayendo en la acera (...). Se acredita la causa de exoneración consistente en culpa de la víctima, pues a esta también le es exigible la deambulación diligente, sin que quepa hacer del carácter objetivo de la responsabilidad patrimonial de la Administración Pública una especie de aseguradora universal de todos los daños que se produzcan...”*
- Sentenza 252/13 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo:  
*“...el daño ha de imputarse a la falta de atención y cuidado del peatón, daño que tenía el deber jurídico de soportar y que desde esta perspectiva, no puede calificarse como de antijurídico...”*
- Sentenza 150/16 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra:  
*“...Es exigible a cualquier viandante una mínima diligencia y cuidado cuando transita, que se concreta lógicamente en un deber de atención y cuidado”.*



- Sentenza 210/2016 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra:  
*“(…) Eventual falta de atención, comportamiento desatento, o falta de diligencia básica debida en el actuar de la peatón lesionada. Sumado a la evidente dificultad para mantener en un impecabilísimo estado de conservación todas las aceras y vías públicas... y a la falta de demostración de que M<sup>a</sup>. Dolores sufriera algún tipo de dolencia, enfermedad o discapacidad física, que le impidiera asegurar el paso en términos más o menos razonables, así como de que en ese mismo lugar hubiera sufrido otra caída algún otro viandante en fechas cercanas, así como a la condición del punto concreto donde se encontraba el desnivel de zona por la que no tiene que transitar el peatón, en tanto se encuentra dentro del alcorque instalado para un árbol y en una acera de considerables dimensiones (lo cual dejaba un muy buen espacio libre para la deambulación de la peatón aquí lesionada) entiendo que impide tener por cierta la acreditación suficiente para este supuesto de la existencia de un nexo causal eficiente, directo, entre daño o lesión por el que se reclama y el funcionamiento de un servicio público municipal. Por lo dicho procede la desestimación del presente recurso”.*

Na mesma liña argumental se pronuncian as sentenzas 4/2018 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1, 217/2017 e 82/2019 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 e a sentenza 05/2019 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3, todos eles de Pontevedra.

Considerando.- Que en supostos con identidade de razón, foron desestimadas as solicitudes de indemnización, sen que os reclamantes tiveran acudido á vía xudicial, conscientes de que hai accidentes que dependen unicamente da dilixencia na deambulación de quen os sofre, e que, atendendo á fundamentación e razoamentos do acordo notificado, declinaron interpoñer, xa non recurso na vía administrativa, senón nin sequera na orde contenciosa o que, por outra banda e cinguíndonos ó presente suposto, obrigaría, de recorrer a esta última vía, a solicitar as costas procesuais. Tales precedentes constan na Asesoría Xurídica.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 39/2015, 54 da Lei 7/1985 e 223 do R.d. 2568/1986.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) e h) da Lei 39/2015, referidos á desestimación argumentada da reclamación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar a solicitude de indemnización.

#### 34.31411.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR DANOS MATERIAIS NO CONCELLO DA GUARDA (Expte. 2022009123)

Dada conta que con data de rexistro 11/04/2019 (núm. rex. 2019022199), o *Concello de A Guarda* traslada a esta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial presentada perante ese Concello por D. Miguel A. Arzúa Alonso, por danos materiais



producidos o día 19/03/2019, por mor dunha caída na rúa Concepción Arenal do citado Concello, a consecuencia, segundo manifesta, dos defectos de sinalización das obras do “Proxecto de execución de recuperación de espazos e mellora da mobilidade peonil na rúa Concepción Arenal E.P. 3401 Acceso Porto (Concello da Guarda)”, e que cuantificou economicamente en 93 euros.

Resultando.- Que na citada instancia presentada perante o Concello relata o seguinte:

*“El día 19 de marzo, a las 21:30 h, saliendo de un vehículo, al abrir la puerta del acompañante y bajar me enganbé en unos bloques de cemento que estaban sin señalizar en la calle (Concepción Arenal) nº 11 (entrada peluquería Atico) enganbándome en ellos y caerme al suelo (...)”*

Resultando.- Que consta no expediente o ticket de compra do calzado danado por importe de 93€.

Resultando.- Que con data 04/11/2019, o Concello de A Guarda traslada Resolución da Alcaldía que ordena a remisión da reclamación por ser a Deputación a competente para a incoación, tramitación e resolución do expediente.

Resultando.- Que con data 13/11/2019, solicitouse informe ó Servizo de Mobilidade desta Deputación, que o emitiu o día 20/11/2019, co seguinte contido:

*(...) Dando resposta á reclamación presentada por D. Miguel A. Arzúa Alonso, a dito escrito non se adxunta ningún tipo de fotografías (...) para poder entender o expresado polo interesado. A maiores debe terse en conta que a sinalización da obra foi feita mediante sinais verticais, valos de seguridade, pasarelas peonís, elementos reflectantes, etc, polo que se considera que a sinalización foi a correcta.*

*O Xefe dos Servizos de Infraestruturas e Vías Provinciais e Director da obra  
Francisco Alonso Fernández*

Resultando.- Que con data 03/02/2020, e con fundamento no artigo 4.1, apartados b) e c) da Lei 39/2015, e 76.1 da mesma Lei, conferiuse á mercantil ORESA, S.L., empresa construtora adxudataria das obras, un prazo de dez días para que puidera comparecer como interesada e realizar as alegacións que tivera por convenientes, presentando escrito na data 17/02/2020, co seguinte contido:

*En consonancia con el informe redactado por la Excm. Diputación de Pontevedra a este respecto, se considera adecuada la señalización existente en la zona indicada por el afectado el día 19 de marzo. No ha lugar a la reclamación de los daños efectuada.*

*Santiago Pereira Arias  
Director  
Técnico*



Resultando.- Que con data 22/09/2020, comunicouse ó interesado, D. Miguel A. Arzúa Alonso, a necesidade de presentar a reclamación perante esta Deputación para poder tramitar o expediente, presentando a mesma na data 24/12/2020.

Considerando.- Que no presente procedemento seguiuise o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral, agás no referido á cumprimentación do prazo para resolver, e isto debido ó confinamento derivado da COVID e á acumulación de tarefas nos servizos participantes na súa tramitación.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescripción), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 39/2015) co material probatorio aportado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación no evento lesivo, pois a forza causacional débese única e exclusivamente á actitude temeraria do accidentado, posto que:

- A caída tivo lugar a de noite, ás 21:30 horas do día 19 de marzo, polo que debeu prestar o reclamante unha maior atención á hora de baixar do vehículo.
- Consta xunto coa documentación aportada polo reclamante, informe da Policía Local de A Guarda de data 02/04/2019, no que se relata que *“actualmente se están realizando obras de canalizacións de auga, pavimentado y aceras, siendo la empresa constructora responsable de las mismas ORESA, S.L.”*.
- Segundo o informado polo Servizo de Mobilidade da Deputación, a sinalización da obra foi feita mediante sinais verticais, valos de seguridade, pasarelas peonís, elementos reflectantes, etc, polo que se considera que a sinalización foi a correcta.
- Todos estes elementos de sinalización indican ben ás claras que a zona se atopa en obras, polo que o reclamante debeuse percatar da existencia das mesmas.
- A empresa que estaba a realizar as obras, ORESA, S.L., manifesta que a sinalización existente na zona era a adecuada polo que non procede a reclamación dos danos.
- O reclamante debeu prestar a debida atención, xa que se dispoñía a baixar do vehículo nunha zona que se atopaba en obras, debendo extremar a precaución, máxime sendo de noite, debido ó risco que iso conleva e á obriga de calquera cidadán de circular polas zonas públicas coa suficiente atención tendo en conta as circunstancias existentes.



Considerando.- Que non se produciron mais caídas pola mesma causa, o que ven suxerir que a súa xénese e dinámica reside na actitude tórpida ou pouco dilixente do accidentado, que non prestou atención á saída do vehículo e non reparou en que a zona se atopaba en obras.

Nesta liña argumental o entenderon precedentes como os que se citan “ad exemplum”:

“... *El comportamiento humano implica soportar los pequeños riesgos que una eventual falta de cuidado y atención comporta...*” Sentenza de 2 de marzo de 2006 da Sala Primeira (do Civil) do T.S., LA LEY JURIS 11410/2006; e na mesma liña:

- Sentenza do 9 de maio de 2000 do T.S.
- Sentenza do 26 de marzo de 2004 do T.S.X.G.
- Sentenza do 10 de marzo de 2005 da Sala do Contencioso-Administrativo do T.S.J. de Canarias.
- Sentenza do 30 de novembro de 2005, da Sección 14ª da Audiencia Provincial de Barcelona.
- Sentenza do 23 de decembro de 2005 da Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 2ª, do T.S.J. de Castilla y León.
- Sentenza do 3 de marzo de 2006 da Sala Primeira (do Civil) do T.S.
- Sentenza do 9 de marzo de 2006, da Sección 1ª do T.S.J. de Andalucía.
- Sentenza do 6 de abril de 2006, da Sección 3ª do T.S.J. de Andalucía.
- Ditame do Consello Consultivo de Galicia 877/06.
- Sentenza 262/2011 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra.
- Sentenza 156/2010 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra:  
*“...aún en el caso de reconocer ese déficit en las medidas, sea de seguridad sea de vigilancia, a adoptar respecto a la zona en obras, tampoco sería posible hablar de nexo causal directo (...). Al contrario, todo parece indicar que fue una desatención por parte del peatón en las condiciones de la vía la que originó el siniestro...”*
- Sentenza 20/2012 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra:  
*“Por tanto, ni el estado de la acera en ese punto puede considerarse sorpresivo para el peatón, ni se puede considerar que fuese un obstáculo imprevisible e inevitable, pues se aprecia claramente por una persona con diligencia media con un deambular normal, existiendo más espacio en la acera para pasar, de forma que ha de considerarse que Dª. Victoria iba distraída y perdió el equilibrio cayendo en la acera (...). Se acredita la causa de exoneración consistente en culpa de la víctima, pues a esta también le es exigible la deambulación diligente, sin que quepa hacer del carácter objetivo de la responsabilidad patrimonial de la Administración Pública una especie de aseguradora universal de todos los daños que se produzcan...”*
- Sentenza 252/13 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo:  
*“...el daño ha de imputarse a la falta de atención y cuidado del peatón, daño que tenía el deber jurídico de soportar y que desde esta perspectiva, no puede calificarse como de antijurídico...”*



- Sentenza 150/16 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra:  
*“...Es exigible a cualquier viandante una mínima diligencia y cuidado cuando transita, que se concreta lógicamente en un deber de atención y cuidado”.*
- Sentenza 210/2016 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra:  
*“(...) Eventual falta de atención, comportamiento desatento, o falta de diligencia básica debida en el actuar de la peatón lesionada. Sumado a la evidente dificultad para mantener en un impecabilísimo estado de conservación todas las aceras y vías públicas... y a la falta de demostración de que M<sup>a</sup>. Dolores sufriera algún tipo de dolencia, enfermedad o discapacidad física, que le impidiera asegurar el paso en términos más o menos razonables, así como de que en ese mismo lugar hubiera sufrido otra caída algún otro viandante en fechas cercanas, así como a la condición del punto concreto donde se encontraba el desnivel de zona por la que no tiene que transitar el peatón, en tanto se encuentra dentro del alcorque instalado para un árbol y en una acera de considerables dimensiones (lo cual dejaba un muy buen espacio libre para la deambulación de la peatón aquí lesionada) entiendo que impide tener por cierta la acreditación suficiente para este supuesto de la existencia de un nexo causal eficiente, directo, entre daño o lesión por el que se reclama y el funcionamiento de un servicio público municipal. Por lo dicho procede la desestimación del presente recurso”.*

Na mesma liña argumental se pronuncian as sentenzas 4/2018 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, 217/2017 e 82/2019 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra e 5/2019 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra.

Considerando.- Que en supostos con identidade de razón, foron desestimadas as solicitudes de indemnización, sen que os reclamantes tiveran acudido á vía xudicial, conscientes de que hai accidentes que dependen unicamente da dilixencia na deambulación de quen os sofre, e que, atendendo á fundamentación e razoamentos do acordo notificado, declinaron interpoñer, xa non recurso na vía administrativa, senón nin sequera na orde contenciosa o que, por outra banda e cinguíndonos ó presente suposto, obrigaría, de recorrer a esta última vía, a solicitar as costas procesuais. Tales precedentes constan na Asesoría Xurídica.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 39/2015, 54 da Lei 7/1985 e 223 do R.d. 2568/1986.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) e h) da Lei 39/2015, referidos á desestimación argumentada da reclamación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar a solicitude de indemnización.





35.31412.- APROBACIÓN DE ACTUACIÓN S AUTORIZADAS AOS CONCELLOS DA PROVINCIA CON CARGO AO PROGRAMA MUSIGAL 2022 (Expte.2021060876)

A Xunta de Goberno desta Deputación, na sesión que tivo lugar o 17 de decembro de 2021, aprobou as bases do Programa Musigal 2022, que se publicaron no BOPPO núm. 250 de 29 de decembro de 2021, co que se inicia o prazo para a presentación de solicitudes para a inclusión de agrupación s musicais, ata o 20 de xaneiro de 2022.

Rematado dito prazo e publicada a relación de grupos incluídos, os concellos da provincia presentan as correspondentes solicitudes de actuación s ata o 15 de febreiro de 2022 e de acordo co establecido nas bases, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar as actuación s que terán lugar naqueles concellos da provincia de Pontevedra que presentaron a súa solicitude con cargo ao Programa Musigal 2022 e que a continuación se relacionan:

Concello	GRUPO	Data actuación	Total
AGOLADA	DE VACAS	12/08/2022	3.630,00 €
ARBO	DE VACAS	13/08/2022	3.630,00 €
BAIONA	MERCEDES PEÓN	22/07/2022	10.829,50 €
BARRO	MILLADOIRO	17/06/2022	12.100,00 €
BUEU	GUADI GALEGO	17/07/2022	9.075,00 €
CALDAS DE REIS	BUDIÑO	30/07/2022	11.979,00 €
CAMBADOS	TANXUGUEIRAS	03/08/2022	21.780,00 €
CAMPO LAMEIRO	CANCIONEIRO DO CAMIÑO MANOELE DE FELISA GRUPO	04/09/2022	7.260,00 €
CANGAS	LUAR NA LUBRE	30/08/2022	10.890,00 €
CAÑIZA, A	BUDIÑO	12/08/2022	11.979,00 €
CATOIRA	TANXUGUEIRAS	05/08/2022	21.780,00 €
CERDEDO-COTOBADE	CANCIONEIRO DO CAMIÑO MANOELE DE FELISA GRUPO	24/07/2022	7.260,00 €
COVELO	PELEPAU	25/07/2022	3.509,00 €
CRECENTE	ORQUESTRA DE CÁMARA GALEGA	14/08/2022	10.805,30 €
CUNTIS	TREIXADURA	15/08/2022	10.285,00 €



DOZÓN	ODAIKO	05/06/2022	11.900,00 €
ESTRADA, A	BAIUCA	23/06/2022	18.876,00 €
FORCAREI	HEREDEIROS DA CRUS	27/08/2022	18.150,00 €
FORNELOS DE MONTES	LAROÁ	06/08/2022	6.595,00 €
GONDOMAR	XISCO FEIJOO	23/07/2022	10.285,00 €
GROVE, O	BAIUCA	25/07/2022	18.876,00 €
GUARDA, A	HEREDEIROS DA CRUS	09/07/2022	18.150,00 €
ILLA DE AROUSA, A	TANXUGUEIRAS	26/08/2022	21.780,00 €
LALÍN	XISCO FEIJOO	16/07/2022	10.285,00 €
MARÍN	LUAR NA LUBRE	09/09/2020	10.890,00 €
MEAÑO	SES	20/08/2022	10.890,00 €
MEIS	BUDIÑO	10/07/2022	11.979,00 €
MOAÑA	GUADI GALEGO	06/08/2022	9.075,00 €
MONDARIZ	DAKIDARRÍA	13/08/2022	11.495,00 €
MONDARIZ BALNEARIO	ORQUESTRA DE CÁMARA GALEGA	07/08/2022	10.805,30 €
MORAÑA	MILLADOIRO	31/07/2022	12.100,00 €
MOS	XULIO LORENZO: XL-VOLVER SOÑAR	09/07/2022	5.250,01 €
NEVES, AS	GUADI GALEGO	15/04/2022	9.075,00 €
NIGRÁN	XABIER DÍAZ E ADUFEIRAS DO SALITRE	20/08/2022	10.648,00 €
OIA	PELEPAU	25/09/2022	3.509,00 €
PAZOS DE BORBÉN	CANCIONEIRO DO CAMIÑO MANOELE DE FELISA GRUPO	15/08/2022	7.260,00 €
POIO	BAIUCA	08/07/2022	18.876,00 €
PONTE CALDELAS	LUAR NA LUBRE	28/08/2022	10.890,00 €
PONTEAREAS	DAKIDARRÍA	09/09/2022	11.495,00 €
PORRIÑO, O	TREIXADURA	22/09/2022	10.285,00 €
PORTAS	GALLAECIA	17/05/2022	10.285,00 €
REDONDELA	HEREDEIROS DA CRUS	20/08/2022	18.150,00 €



RIBADUMIA	ROI CASAL	03/06/2022	11.495,00 €
RODEIRO	SES	29/07/2022	10.890,00 €
ROSAL, O	TREIXADURA	25/07/2022	10.285,00 €
SALCEDA DE CASELAS	SES	17/07/2022	10.890,00 €
SALVATERRA DE MIÑO	XISCO FEIJOO	27/08/2022	10.285,00 €
SANXENXO	XABIER DÍAZ E ADUFEIRAS DO SALITRE	25/07/2022	10.648,00 €
SILLEDA	ODAIKO	19/08/2022	11.900,00 €
SOUTOMAIOR	ROI CASAL	23/07/2022	11.495,00 €
TOMIÑO	XABIER DÍAZ E ADUFEIRAS DO SALITRE	02/07/2022	10.648,00 €
TUI	LAURA LAMONTAGNE	24/04/2022	2.420,00 €
VALGA	ASTAROT	02/07/2022	6.050,00 €
VILA DE CRUCES	GALLAECIA	28/05/2022	10.285,00 €
VILABOA	DAKIDARRÍA	09/07/2022	11.495,00 €
VILAGARCÍA DE AROUSA	UXÍA & XABIER RUIBAL	18/08/2022	8.680,00 €
VILANOVA DE AROUSA	ROI CASAL	14/08/2022	11.495,00 €
		TOTAL	633.607,11 €

36.31413.- MODIFICACIÓN DO ACORDO ADOPTADO NA SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 17/12/2021(NÚM. 2.31078) NO QUE SE APROBAN AS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA MUSIGAL 2022(Expte.2021060876)

No acordo núm. 2.31078 adoptado pola Xunta de Goberno de 17 de decembro de 2021 no que se aproban as bases reguladoras do Programa Musigal 2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade facer a seguinte modificación:

- Na base décimo segunda. Dotación e imputación orzamentaria. Onde figura “O programa Musigal 2022 desenvólvese con cargo á aplicación orzamentaria 22/330.3340.226.30 por un importe total de 500.000,00 €”, debe figurar “O programa Musigal 2022 desenvólvese con cargo á aplicación orzamentaria 22/330.3340.226.30 por un importe total de 633.607,11 €”, permanecendo invariable o resto do contido do acordo.



37.31414.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DUN SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL/PATRIMONIAL DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E A ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMERÍA. (Expte. 2022003542)

A Xunta de Goberno da Deputación, en sesión do 26 de novembro de 2021 aprobou o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, do seguro de Responsabilidade Civil e Patrimonial da Deputación de Pontevedra e a Escola Universitaria de Enfermería para o exercicio 2022, aprobando tamén os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares e de prescricións técnicas da referida contratación.

Resultando que rematado o prazo para a presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, en sesión celebrada o día 30 de decembro de 2021, procedeu á apertura electrónica dos sobres únicos correspondente á documentación administrativa e técnica a presentar polas empresas participantes no procedemento, e comprobou que non se presentou ningunha oferta, polo que propuxo ó órgano de contratación declarar deserto o procedemento.

Resultando que a Xunta de Goberno, en sesión do 24 de xaneiro de 2022 acordou aceptar a proposta da Mesa de Contratación e declarar deserto o procedemento de contratación do seguro de Responsabilidade Civil e Patrimonial da Deputación de Pontevedra e a Escola Universitaria de Enfermería.

Resultando que en data 02/02/2022 o Deputado delegado da area de Réxime Interior, Economía Facenda e ORAL, en virtude das competencias delegadas pola Presidencia, dita providencia de inicio de novo expediente para a contratación do seguro de Responsabilidade Civil e Patrimonial da Deputación de Pontevedra e a Escola Universitaria de Enfermería motivando a necesidade e idoneidade desta contratación na propia actividade da Deputación que require dispoñer deste seguro que ampare as consecuencias económicas derivadas da responsabilidade civil no exercicio das súas competencias.

Resultando que en data 03/02/2022 o Xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa (CSV: Q45RHCF8OM4JG3E4) para a contratación do seguro de Responsabilidade Civil e Patrimonial da Deputación e Escola Universitaria de Enfermería na que informa que o réxime xurídico é un contrato privado de servizo non suxeito a regulación harmonizada sendo o procedemento aplicar o procedemento aberto simplificado por concorrencia das condicións do artigo 159.1 da LCSP

Resultando que polo servizo de Contratación Facenda e Patrimonio elabórase o prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e solicítase o preceptivo informe á Secretaría Xeral.



Resultando que en data 13/02/2022 pola Secretaria Xeral emítase informe (CSV: X5UXARWFTN79B3KI) que recolle unha serie de observacións que deben ser aclaradas, rectificadas ou completados antes da continuación do procedemento.

Resultando que en data 21/02/2022 emítase informe do servizo de Contratación sobre as observacións do informe de Secretaría (CSV: RM3I57JT7H1C5HMQ).

Resultando que en data 01/03/2022 pola Intervención emítase informe de fiscalización favorable do expediente (CSV: UAIL3GOPP9OIYC63).

Resultando que pola Intervención emítase documento de retención de crédito co número de operación 202200019201 por importe de 120.000,00 € euros, con cargo á aplicación orzamentaria 22/922.9330.22401 do orzamento provincial.

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos que superen o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Declarar a urxencia do expediente do procedemento aberto simplificado para a contratación do seguro de Responsabilidade Civil e Patrimonial da Deputación de Pontevedra e a Escola Universitaria de Enfermería que se xustifica na necesidade de acelerar este contrato por quedar deserto o anterior procedemento licitado e tratarse dunha necesidade inaprazable para a Deputación que precisa dispoñer da cobertura do seguro de Responsabilidade Civil para minimizar o risco económico de posibles continxencias e sinistros relacionados coa súa actividade

2.- Aprobar o expediente do procedemento aberto simplificado para a contratación do seguro de Responsabilidade Civil e Patrimonial da Deputación de Pontevedra e a Escola Universitaria de Enfermería cun orzamento base de licitación é de 120.000,00 € (prima total anual), e un valor estimado do contrato de 120.000,00 €.

2.-Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: RADB12UJ0HYB2H4W) e de prescricións técnicas (CSV: RHYF0KFLJGNFWWGR) que rexerán na referida contratación.

3.- Autorizar a o gasto polo importe máximo de 120.000,00 €, que se imputarán no seu caso á aplicación orzamentaria 22/922.9330.22401 do orzamento provincial do ano 2022.



4.- Nomear responsable do contrato ó técnico adxunto á xefatura de servizo de Contratación Facenda e Patrimonio.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante

38.31415.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

39.31416.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar pola Sra. Presidenta, sendo as once horas e trinta minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina a Ilma. Sra. Presidenta, comigo, o Secretario que dou fe.

